




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID CEIP DE QUINS



CURSO 2021/2022

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.	Páx.005
2. Medidas de prevención básicas.	Páx.008
3. Medidas xerais de protección individual.	Páx.021
4. Medidas de limpeza.	Páx.026
5. Material de protección.	Páx.029
6. Xestión dos abrochos.	Páx.031
7. Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade.	Páx.036
8. Medidas de carácter organizativo.	Páx.037
9. Medidas en relación coas familias e ANPAS.	Páx.042
10. Medidas xerais de protección individual.	Páx.045
11. Medidas para o alumnado transportado.	Páx.046

12. Medidas de uso de comedor.	Páx. 048
13. Medidas específicas para o uso doutros espazos.	Páx. 056
14. Medidas especiais para os recreos.	Páx. 060
15. Medidas específicas para alumnado de ED. Infantil e ED. Primaria.	Páx. 063
16. Medidas específicas para o uso de laboratorios e talleres.	Páx. 064
17. Medidas específicas para o uso de aulas de desdobres e aulas de apoio.	Páx. 066
18. Medidas específicas para o alumnado con NEE.	Páx. 068
19. Previsións específicas para o profesorado.	Páx. 070
20. Medidas de carácter formativo e pedagógico.	Páx. 074
21. Plan de continxencia do CEIP de Quins.	Páx. 080
21.1. Actuacións previas diante da aparición dun abrocho.	Páx. 080
21.2. Actuacións para o período de actividade lectiva non presencial.	Páx. 080
21.3. Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial.	Páx. 080
22. Seguimento e avaliación.	Páx. 081
23. Difusión e coñecemento do Plan de adaptación á situación COVID.	
23.1. Revisión e modificación.	Páx. 081

23.2. Publicación e divulgación.	Páx. 081
23.3. Aprobación.	Páx. 082
24. Anexos.	
24.1. Anexo I: rexistro electrónico das ausencias do profesorado e alumnado con sintomatoloxía compatible có covid-19 .	Páx. 083
24.2. Anexo II: planos das aulas do CEIP de Quins.	Páx. 085
24.3. Anexo III: cuestionario de prevención dos centros educativos.	Páx. 095
24.4. Anexo IV: rexistro de limpeza de baños.	Páx. 101
24.5. Anexo V: rexistro de ventilación de aulas.	Páx. 102
24.6. Anexo VI: procedemento de actuación para a xestión da vulnerabilidade en ámbitos non sanitarios nin socio-sanitarios.	Páx. 103
24.7. Anexo VII: Anexo III: modelo de solicitude para a determinación de persoal especialmente sensible.	Páx. 104
24.8. Anexo VIII: modelo de certificación de condicións de seguridade no centro educativo.	Páx. 105
24.9. Anexo IX: modelo declaración responsable.	Páx. 107
24.10. Anexo X: enquisa de autoavaliación clínica do covid-19.	Páx. 108

1.	Datos do centro
-----------	------------------------

Código	Denominación
32016261	CEIP de Quins

Enderezo		C.P.
LUGAR DE QUINS S/N		32411
Localidade	Concello	Provincia
QUINS	MELÓN	OURENSE
Teléfono	Correo electrónico	
988481090	ceip.quins@edu.xunta.gal	
Páxina web		
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipquins/		

1. INTRODUCCIÓN.

Como é sabido, o coronavirus SARS-CoV-2 é un virus que se transmite por vía respiratoria a índa que tamén é posible o contaxio ao tocar unha superficie, un obxecto ou a man dunha persoa infectada. O período de incubación pode variar entre 2 e 14 días. Por iso, as mellores medidas de protección son o illamento de persoas contaxiadas e portadoras do virus e a hixiene persoal.

Por ese motivo, e coa información dispoñible neste momento, enténdese necesaria a adopción dunha serie de medidas que protexan a nosa comunidade educativa no desenvolvemento da actividade presencial docente. Neste protocolo xeral, cuxa misión é desenvolver a actividade docente presencial garantindo as condicións de seguridade e saúde das persoas, isto é, garantir o dereito a unha educación de calidade do noso alumnado en condicións de seguridade e saúde, tanto para o persoal do centro educativo como para o alumnado, relaciónanse unha serie de medidas de tipo organizativo, hixiénicas e técnicas a poñer en marcha.

Con todo, o Protocolo ten un carácter dinámico e actualízase en todo momento segundo as directrices establecidas polas autoridades sanitarias. O Plan de Adaptación á situación COVID para o presente curso escolar ten a finalidade de establecer pautas de actuación para organizar e reforzar as medidas hixiénicas que se tomarán no colexio e dar a coñecer as medidas de prevención e actuacións que se deben poñer en marcha na institución educativa fronte a COVID-19 durante o actual curso.

O obxectivo deste Plan de Adaptación é o seguinte:

Crear unha contorna escolar saudable e segura no noso centro escolar mediante o establecemento das medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse no inicio do desenvolvemento do curso escolar 2020/2021, tanto polo persoal docente e non docente como polo alumnado e a súas familias, co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19.

1.1. Referencias Legislativas.

- Artigo 27 da Constitución Española.
- Artigo 31 da Ley 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia.
- Orde Comunicada da Ministra de sanidade, 4 de xuño de 2021.
- *declaración de actuacións coordinadas en saúde pública fronte ao COVID-19 para centros educativos durante o curso 2020/2*
- *ORDE do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Ourense.*

2. MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICAS.

1.- DATOS XERAIS DO CENTRO.

DATOS XERAIS DO CENTRO.

Denominación:	<i>CEIP de Quins</i>
Titularidade	<i>PÚBLICO</i>
Nº código de centro	<i>32016261</i>
Municipio (Localidade):	<i>Melón</i>
Provincia:	<i>OURENSE</i>
CP	<i>32411</i>
Tfno:	<i>988481090</i>
Enderezo:	<i>Lugar de Quins S/N</i>
Enderezo electrónico	<i>ceip.quins@edu.xunta.gal</i>
Páxina Web	<i>https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipquins/</i>

1) *Membros do equipo COVID.*

• O CEIP de Quins conta cun equipo formado na COVID-19 que será referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias. O equipo estará formado polo titular da dirección do centro , ou persoa na que delegue ou a substitúa, e un/ unha sustituto/a.

• Tamén lle corresponderá á persoa director/a, ou persoa na que delegue ou a substitúa, a función coordinadora Covid e a interlocución coa administración.

• O CEIP de Quins establece unha canle de comunicación cos membros da comunidade educativa sendo esta tal e como se recolle no seu Plan de Comunicación a través das seguintes canles:

- O teléfono do centro educativo: 988481090.
- Mensaxes individuais ou grupais a través da aplicación ABALARMÓBIL.
- Correo electrónico do centro educativo: [*ceip.quins@edu.xunta.gal*](mailto:ceip.quins@edu.xunta.gal)
- A páxina web do centro educativo. [*https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipquins/*](https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipquins/)

- Dende a Consellería de Educación habilitarase unha canle informática específica para a comunicación dos posibles casos detectados e para o subministro de información. A canle que se implante será utilizada polo centro educativo para notificar os casos ou para a identificación dos contactos próximos, coas debidas garantías de protección de datos. A información será accesible para o persoal sanitario que determine a autoridade sanitaria

2. Membros do equipo COVID			
Teléfono móbil de contacto		988481090 666860660	
Membro 1	D. César Grande Gómez	Cargo	Director
Suplente	Dna. Ángeles Castro Rodríguez		Titora
Tarefas asignadas		<ul style="list-style-type: none"> • Coordinación e comunicación, segundo establece o Plan de Adaptación, da persoa con sospeita da COVID mantendo relación co profesional sanitario de referencia, coa Xefatura Territorial de Educación, de Sanidade e co SERGAS. • Coordinar e fomentar a participación dos distintos sectores da comunidade escolar na procura de medios precisos para a máis eficaz execución medidas de prevención da COVID. • Dar a coñecer e difundir a toda a comunidade educativa a información sobre normativa, disposicións legais e asuntos de interese xeral ou profesional que se reciba no centro relacionados coa COVID. • Facer cumprir o Plan de Adaptación á situación da COVID. • Interlocución coa Administración Educativa e Sanitaria. • Comunicación co persoal do centro e coas familias e alumnado nos temas relacionados coa COVID • Propoñer o nomeamento dos membros do equipo COVID. • Proporcionar a información que lle sexa requirida polas autoridades educativas competentes e colaborar en todo o relativo ó logro dos obxectivos do Plan de Adaptación. • Recibir as comunicacións dos membros da comunidade educativa con respecto aos casos confirmados e aos resultados das probas da COVID para a súa comunicación e rexistro. • Velar polo cumprimento por parte da comunidade educativa das medidas de prevención da 	

	COVID. <ul style="list-style-type: none"> • Rexistro electrónico das ausencias do profesorado e alumnado afectados polo COVID. • Xestionar os recursos materiais do centro, facendo responsable aos membros dos distintos sectores da comunidade educativa, especialmente os restantes membros do Claustro base ándose nunha actuación exemplarizante no uso dos materiais e no respectos • das normas de prevención. 		

3.	Centro de saúde de referencia		
Centro de saúde de referencia	CENTRO DE SAÚDE de Quins Lugar de Quins S/N PAC DO RIBEIRO	Teléfono	988 481120
saúde pública (988606637-38-39)		PAC Ribadavia	
Contactos			
Enfermeira 1	Dna. Pilar González Iglesias 699423312	988470936-	
Epidemiólogo garda	649829090		
Doutor 1 Pediatra	Jesús F. Navarro Martínez	988481208	
Doutora 2 Pediatra	Violeta	988470775	

4.	Espazo de illamento (determinación do espazo de illamento COVID e dos elementos de protección que inclúe)
<p>O espazo de illamento será a aula anexa ao baño da planta baixa sita na planta baixa. Este espazo conta con boa ventilación (1 ventá), unha botica móbil dotada con mascarar cirúrxicas e luvas, solución hidroalcohólica, camilla, cadeira, papeleira de pedal e panos de un so uso, la vabo e baño.</p>	

5.	Número de alumnos e alumnas por nivel e etapa (engadir unha fila por nivel e etapa e indicar o número total)	
	Educación infantil (4º- 3 anos)	1
	Educación infantil (5º- 4 anos)	2
	Educación infantil (6º- 5 anos)	3
	Educación primaria (1º)	7
	Educación primaria (2º)	4
	Educación primaria (3º)	4
	Educación primaria (4º)	4
	Educación primaria (5º)	2
	Educación primaria (6º)	4
	Total	31

6.	Cadro de persoal do centro educativo (unicamente número de efectivos)	
Educación infantil		1
Educación primaria		0
Mestras/es especialistas		3
Orientación		1
Persoal non docente		1
PT-AL- RELIXIÓN		2
Total		8

7.	Determinación dos grupos estables de convivencia (engadir unha táboa por grupo)	
-----------	--	--

Etapas	EDUCACIÓN INFANTIL MIXTA		Nivel	4º 5º 6ºEI	Grupo	A
Aula		Nº de alumnado asignado	6	Nº de profesorado asignado		4
				Nº Persoal non docente		0

Etapa	EDUCACIÓN PRIMARIA MIXTA			Nivel	1º 2º 3º EP	Grupo	A
Aula		Nº de alumnado asignado	11	Nº de profesorado asignado		6	
				Nº Persoal non docente		0	

Etapa	EDUCACIÓN PRIMARIA MIXTA			Nivel	4º 5º 6º EP	Grupo	A
Aula		Nº de alumnado asignado	9	Nº de profesorado asignado		6	
				Nº Persoal non docente		0	

--	--	--	--	--	--	--	--

8.	Medidas específicas para grupos estables de convivencia (con inclusión de medidas que xa figuren no protocolo das consellerías ou doutras acomodadas á realidade do centro e grupo)
<ul style="list-style-type: none"> No curso escolar 2021/2022 o CEIP QUINS constitúe 2 grupos estables de convivencia, 1 grupo na etapa de Educación Infantil e 1 grupo na etapa de Educación Primaria cun máximo de 25 alumnos. Estes grupos estables xunto co seu titor/a, mestre de apoio e especialistas conforman <u>Grupos de Convivencia Estables</u> cuxos membros poden socializar e xogar entre si sen ter que manter a distancia interpersonal de forma estricta, sendo obrigatorio o uso de máscara dende o 1º curso de Educación Primaria e recomendable para o alumnado de Educación Infantil. <ul style="list-style-type: none"> Medias de carácter xeral: <ul style="list-style-type: none"> O uso da máscara é obrigatorio no alumnado de Educación Primaria, <i>o non uso da mesma ten a consideración de condutas leves contrarias á convivencia</i> nos supostos de incumprimento por parte do alumnado do uso da máscara nos tempos e lugares que sexan obrigatorios e o incumprimento das instrucións do profesora do en aplicación do presente protocolo. <ul style="list-style-type: none"> De forma xeral, manterase <i>unha distancia interpersonal de, polo menos, 1,5 metros</i> nas 	

interaccións entre as persoas no centro educativo.

- **Realizarase unha hixiene das mans de forma frecuente e meticolosa** polo menos á entrada e á saída do centro educativo, antes e despois do patio, de comer, e sempre despois de ir ao aseo e, en todo caso, **un mínimo de TRES veces ao día.**

- O alumnado recibirá educación para a saúde para posibilitar unha correcta hixiene das mans e hixiene respiratoria e o uso adecuado da máscara.

- O centro educativo **informará, explicitamente e con confirmación de recepción da información**, os pais, nais e outras figuras parentais, ou o alumnado maior de idade, de que o alumnado con calquera sintomatoloxía aguda non pode acceder ao centro educativo. Os centros educativos poden establecer mecanismos para a identificación de síntomas nos alumnos á entrada a estes ou unha declaración responsable dos proxenitores. (Anexo IV, declaración responsable a que se lle adxunta a autoenquisa).

- Para a detección precoz no alumnado, estes (ou os seus pais/nais/titores/as legais) realizarán unha **auto avaliación dos síntomas de forma diaria** a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2 cuxos resultados non teñen que enviarse ao centro, pero si comunicar a súa ausencia. Utilízase a enquisa clínico-epidemiolóxica que se describe no Anexo IV que debe realizarse, cada mañá, antes da chegada ao centro. **Diante da aparición de polo menos un dos síntomas que aparece na enquisa os proxenitores ou titores non enviarán ao alumno/a á clase e solicitarán consulta co seu médico ou pediatra.**

- **O persoal docente e non docente do centro educativo deberá realizar unha auto enquisa diaria** de síntomas para comprobar, no caso de que haxa síntomas, que estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2 mediante a realización da enquisa clínico-epidemiolóxica que se describe no Anexo IV, que debe realizarse antes da chegada ao centro. A enquisa non ten que comunicarse ao centro educativo, senón que deberase adoptar polo persoal do centro educativo as medidas oportunas en función do resultado da auto avaliación e comunicar ao centro a súa ausencia.

- As familias **tomarán diariamente a temperatura dos seus/súas fillas antes de acudir ao colexio** e identificarán os síntomas a través da auto enquisa que lle entregará o COLEXIO na reunión de inicio de curso. Todos os traballadores do centro educativo realizarán o mesmo que as familias cos seus fillos. No caso de que a toma de temperatura se leve a cabo no centro educativo, o CEIP de Quins disporá a forma de levar a cabo esta actuación, evitando en todo caso aglomeracións e asegurando o mantemento da distancia interpersonal de polo menos 1,5 metros.

- **Evitaranse aquelas actividades no centro educativo que comporten a mestura de alumnado** de diferentes grupos de convivencia ou clases, nas cales non se poida manter a distancia mínima interpersonal.

- **Os eventos deportivos ou celebracións que teñan lugar nos centros educativos realizaranse sen asistencia de público.**

- **Os grupos de convivencia estable deberán evitar a interacción con outros grupos do centro educativo**, limitando ao máximo o número de contactos.

- Alumnado de primaria, todo o profesorado, así como o restante persoal, **ten a obriga de usar máscaras dentro e fóra das aulas** con independencia do mantemento da distancia interpersonal, sen prexuízo das exencións previstas no ordenamento xurídico.

- **Recoméndase ao alumnado de Educación Infantil o uso de máscara de protección** na circulación polos espazos comúns (corredores, baños, escaleiras, etc), nas entradas e saídas ao centro, nos recreos, nas entradas e saídas do comedor escolar e nas estancias comúns como é a biblioteca escolar.

- **Uso obrigatorio da máscara por parte do profesorado e persoal non docente** de forma continua non só pola súa función de protección senón tamén polo seu carácter exemplificante. O incumprimento por parte do profesorado e persoal non docente no uso das máscaras estarase ao previsto na súa normativa.

- Corresponde ao profesorado manter **unha conduta exemplarizante** no cumprimento das medidas de protección aproveitarase calquera contido para inculcar no alumnado a concienciación sobre o carácter social da pandemia e o beneficio común do cumprimento das normas.

- O profesorado disporá dunha dotación de material de hixiene. O material de limpeza e desinfección será subministrado polo centro educativo.

- **En cada cambio de grupo o profesorado responsabilizarase da hixiene das súas mans e do material de uso docente, do cumprimento das medidas de ventilación e de lembrar as medidas hixiénicas e de seguridade ao alumnado.**

- **Uso adicional de viseiras protectoras non é obrigado** aínda que non se prohíbe para as persoas que voluntariamente as usen recomendándose o seu uso aos mestres/as de Audición e Linguaxe, Pedagogía Terapéutica e os Auxiliares Técnicos Educativos (ATE).

- No suposto de **alumnado que poida ter a condición de vulnerable** como consecuencia de patoloxías (agudas ou crónicas) que provoquen dependencia os criterios sanitarios que rexerán asistencia a clase ou, de ser o caso, a escolarización domiciliaria serán os que recomende médico ou pediatra.

- O CEIP Manuel Sueiro informará a todos os membros da comunidade educativa sobre **AS MEDIDAS DE PREVENCIÓN DA TRANSMISIÓN DA INFECCIÓN**, as medidas de protección que se deben empregar e as instrucións para o correcto manexo das mesmas, destacando:

- **O correcto uso da máscara**, o xeito de poñela e sácala, e de ser o caso de gardala nos momentos da comida, así como dos protocolos de substitución e la vado.

- **Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.**

- **Hixiene de mans**: la vado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidroalcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.

- A necesidade dunha **hixiene correcta de mans** cada vez que se use material compartido.

- A importancia que ten a **ventilación** dos espazos para evitar a transmisibilidade.

- **Á entrada e saída do centro**, esixencia a todas as persoas (persoal do centro, familias e visitantes) **da realización da hixiene de mans**. No caso do alumnado verificarase polo profesorado a realización unha vez sentados na aula mediante a formulación de preguntas.

- Habilitar dispensadores de solución hidro alcohólica na entrada e en espazos comúns.
- Xerar dinámicas para que o alumnado realice hixiene de mans con frecuencia (xogos de mimetismo) ademais de medidas de educación sanitaria.

- Instalación de portapanos desbotables e dispensadores de xabon nos aseos ou de xel hidro alcohólico nos espazos comúns.

- Xerar sistemas de educación sanitaria para a implantación de **medidas de hixiene respiratoria**:
 - **Ao tusir ou esburrar**, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado.
 - **Realizar hixiene de mans frecuentemente**, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esburrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados, así como antes e despois de comer, usar os aseos ou tocar material susceptible de ser compartido.

Accións dentro da aula:

- O alumnado **non compartirá material** de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as.
- **Na aula, no propio pupitre ou noutro lugar diferenciado, como casilleiros ou mobles, o alumnado gardará o seu material**. Resulta recomendable que cada alumno/a teña o seu material gardado en contedores propios como estoxos ou semellantes e na medida do posible todo rotulado co seu nome. Nas perchas o material ou roupa colocárase do xeito máis individualizado posible.

- Cada alumno terá **o seu propio kit básico de material de traballo** (estoxo con obxectos de emprego máis común tal e como se establece no listado de material entregado ás familias no mes de xuño).

- No caso de que **sexa necesario empregar material común**, distribuirase en gabetas ou caixas para cada un dos grupos. Unha vez rematado o traballo con este material terá que ser desinfectado e lembráselle ao alumnado a necesidade e importancia da hixiene de mans.

- **Evitarase o desprazamento do alumnado dentro e fóra da aula** aínda que si se permitirá levantarse para realizar pequenos estiramientos ou exercicios posturais que non impliquen moverse do posto escolar.

- O alumnado deberá **traer unha máscara de recambio** así como **un estoxo para gardala** de tela ou papel.
- Ao **trasladarse de aula** para levar a cabo as sesións de EF, saír a o patio ou as aulas de desdobre e apoio deberán respectar o percorrido deseñado para ese grupo en concreto e na orde de entrada/saída asignada. A regra básica e ir pegados a parede polo seu lado dereito.
- Limitaranse ao máximo, e na medida do posible, os movementos dentro da aula e as interaccións con outros grupos estables de convivencia no centro educativo. O emprego de máscara é obrigatorio en todo momento e lugar.
- Se é preciso que un alumno **empregue o taboleiro**, realizárase unha desinfección previa con xel hidroalcohólico do rotulador que empregue.
- Todo o **persoal docente e non docente que entre na aula** deberá empregar máscara e facer unha correcta desinfección de mans así como da mesa de traballo unha vez remate a sesión e ventilar a aula.
- Extremarase a **orde no posto de traballo** e nas mesas da aula, realizando a limpeza e desinfección establecidas nas medidas deste protocolo.

9. Canle de comunicación (para dar a coñecer ao equipo COVID os casos de sintomatoloxía compatible, as ausencias de persoal non docente e profesorado e para a comunicación das familias co equipo COVID para comunicar incidencia e ausencias)

As canles de comunicación co noso centro son as recollidas no seu Plan de Comunicación, sendo as seguintes:

PERSOAL DO CENTRO:

- Preferentemente por vía telefónica ao teléfono do coordinador do equipo COVID ou a o do colexio. 988481090. 666860660
- Correo electrónico: ceip.quins@edu.xunta.es

FAMILIAS / COMUNIDADE EDUCATIVA:

- Preferentemente por vía telefónica ao teléfono do centro educativo. 98848 1090.
- Correo electrónico: ceip.quins@edu.xunta.es

10. Rexistro de ausencias (procedemento de rexistro de ausencias do persoal e do alumnado)

• O centro *levará un rexistro electrónico das ausencias de todo o persoal* (docente e non docente) e do *alumnado* a través do modelo que se recolle no Anexo I.

• Rexistro das ausencias do profesorado corresponde ao coordinador COVID.

• Rexistro das ausencias do alumnado corresponde ao seu titor/a sendo comunicadas diariamente ao coordinador COVID. O rexistro das mesmas será no modelo mais cómodo para o titor/a.

• As *ausencias por sintomatoloxía compatible por COVID no alumnado* para os efectos do protocolo para a prevención e control do absentismo escolar e do número máximo de faltas de asistencia permitidas, derivadas da aplicación das anteriores medidas *consideraranse sempre xustificadas*, non sendo preciso o xustificante do facultativo para a súa acreditación, ditas faltas serán xustificadas polo titor/a correspondente na aplicación informática XADE.

11. Comunicación de incidencias (procedemento de comunicación das incidencias ás autoridades sanitarias e educativas)

1º SUPOSTO, docente ou outro persoal con síntomas.

Ante a aparición de sintomatoloxía compatible (polo menos unha das relacionadas no Anexo IV) no persoal non docente e no profesorado, actuarase da seguinte forma:

1. Non acudirán ao centro educativo.
2. Chamarán a algunha das persoas membros do equipo COVID.
3. Como criterio xeral, manterase en illamento preventivo domiciliario, poñéndose en contacto co seu centro de saúde ou de ser o caso cos facultativos da mutua. Serán estes facultativos os que valorarán a sintomatoloxía e prescribirán a realización dun test diagnóstico ou proba PCR en 24 horas, se así o consideran oportuno.

2º SUPOSTO, familia cun fillo/a ten síntomas.

No caso de que a familia detectase sintomatoloxía compatible na casa nos seus/súas fillos/as, actuarase da seguinte forma:

1. ***O alumnado non acudirá ao centro.***
2. A súa familia ***contactará inmediatamente co centro de saúde de referencia do alumno/a e con algunha das persoas membros do equipo COVID.***
3. Para a ***xustificación da ausencia, non será necesaria ningún xustificante médico,*** abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais. As ausencias derivadas desta causa terán a consideración de xustificadas aos efectos do protocolo de prevención de absentismo escolar.
4. O centro educativo informará, explicitamente e con confirmación de recepción da información, aos pais, nais e outras figuras parentais, ou ao alumnado maior de idade, de que o alumnado con calquera sintomatoloxía aguda non pode acceder ao centro educativo.
5. Os centros educativos poden establecer mecanismos para a identificación de síntomas nos alumnos á entrada ao mesmo ou unha declaración responsable dos proxenitores ao inicio do curso

escolar. Porén a medición de temperatura ou a avaliación doutros síntomas compatibles coa COVID-19 será realizada no seo da familia de forma diaria antes de acudir pola mañá ao centro escolar.

3º SUPOSTO, alumno/a con síntomas no centro educativo.

Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV-2 nun alumno/a, durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo, a actuación será a seguinte:

1. *Contactarase coa súa familia* ou persoa de referencia que deberá presentarse no centro á maior brevidade.

2. *Unha persoa da familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra* ou o seu facultativo que valorará a consulta presencial e a solicitude dunha proba diagnóstica.

3. Habilitarase, dende o inicio do curso, un espazo específico de uso individual no centro para illar a aquelas persoas nas que se detecten síntomas mentres non se xestiona o seu traslado. Este espazo contará con ventilación adecuada, solucións hidroalcohólicas, papeleira de pedal e panos desbotables (a sala COVID do CEIP de Quins atopase na planta baixa fronte á aula de infantil, dispone de baño, lavabo e acceso rápido).

4º SUPOSTO, un familiar dun membro da comunidade educativa ten unha proba positiva.

Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumnado ou o persoal do centro que convivan con elas deberá:

1. *Non poderán acudir ao centro* ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo.

2. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.

COMUNICACIÓN DOS DATOS AS CONSELLERÍAS DE EDUCACIÓN E SANIDADE.

Dende a Consellería de Educación habilitárase unha canle informática, denominada “EduCovid”, específica para a comunicación dos datos básicos dos contactos próximos dos posibles casos confirmados. A información será accesible para o persoal sanitario que determine a autoridade sanitaria e utilízase para que o Centro de Seguimento de Contactos alerte da existencia de casos positivos confirmados no centro. A canle informática subministrará de xeito seguro e con respecto á normativa de protección de datos os fluxos de información

3. MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL.

12. Situación de pupitres (croques da situación dos pupitres nas aulas ben de xeito individual ou croque xenérico que sexa reproducibile nos restantes espazos e identificación da posición do profesorado)

No anexo II recóllense os croques de cada unha das aulas do CENTRO. A separación entre o alumnado é superior en todas as aulas de Educación Primaria a 1.5 metros e de 1.5 metros entre os grupos estables de convivencia nas aulas de Educación Infantil.

- De forma xeral, **manterase unha distancia interpersonal de polo menos 1,5 metros** nas interaccións entre as persoas no centro educativo.

- **En educación infantil e na educación primaria**, a organización do alumnado establecerase, con carácter xeral, en grupos de convivencia estable, mantendo a distancia de polo menos 1.5 metros nas interaccións. Debe garantirse a estanqueidade do grupo de convivencia estable en todas as actividades que se realicen dentro do centro educativo.

- **A distancia a manter entre postos escolares será a máxima que permita a aula**, para a aplicación do criterio de medición a distancia realizarase dende o centro das cadeiras. Se o tamaño da aula non permitise as distancias previstas nos parágrafos anteriores adoptaranse as seguintes medidas:

- Retirarase o mobiliario non indispensable que diminúa a superficie útil da aula para tentar obter o máximo distanciamento posible.

- Sempre que sexa posible, utilizaranse aulas alternativas de especialidade que teñan maior dimensión, tales como laboratorios, aulas de música ou similares.

13. Identificación de espazos ou salas para asignar grupos (cando o tamaño da aula non permita as distancias mínimas e identificación de espazos ou salas para asignar a grupos)

- Cambiase a situación da aula de informática para a aula de música xa que o tamaño é mais axeitado para gardar as medidas de distanciamento recomendables.

- **Na aula de desdobre estarán os alumnos de desdobre 3º e 4º alternando cos de inglés 3º o 1º curso en ciencias sociais e naturais. Esta aula será tamén a aula de uso en actividades extraescolares. Esta ben ventilada cos baños cerca e dispoñe de auga corrente no interior así coma 100 metros cuadrados de espacio.**

- **Aula de Apoio queda supeditada a este uso. Nela poderán estar un máximo de 5 persoas a vez xa**

que o tamaño é moi reducido.

- *Habilítase a aula de informática da planta baixa como titoría. Espacio de traballo para os mestres/as e Orientadora Limitada a 6 persoas como máximo. Tamén se poderán realizar as titorías presenciais de pais de alumnos/as se fose necesario. Ten unha situación próxima a porta de saída.*
- Sala de profesores limitada a 6 persoas e ventilarase despois do recreo e o remate da xornada.

14. Espazos de PT, AL, departamento de orientación ou aulas especiais. Modelo cuestionario de avaliación (determinación das medidas para o uso de espazos de PT e AL, departamento de orientación ou aulas especiais do centro e modelo de cuestionario avaliación de medidas como anexo ao Plan, pódese utilizar un semellante ao que figura no protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o presente curso)

Debido ás características especiais que se dan á hora de traballar neste tipo de aulas, adoptamos as seguintes medidas:

- *Emprego de máscara como norma xeral por parte dos docentes e alumnado.*
- *Aconséllase ao profesorado de PT e AL que empreguen ademais das máscaras as viseiras protectoras.*
- *Entre cada sesión con presenza de alumnado nestas aulas realizarase unha limpeza das mesas cadeiras e elementos usados polo alumnado así como a ventilación da aula durante polo menos de 5 minutos.*
 - Cando as condicións meteorolóxicas e do edificio o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.
 - Débese aumentar a subministración de aire fresco e non se debe usar a función de recirculación do aire interior.
 - Como modelo de cuestionario empregaremos o que figura no protocolo, que irá anexo ao plan no Anexo III.

15. Titorías coas familias (determinación dos xeitos de realizar titorías coas familias)

As titorías coas familias levaranse a cabo baixo as seguintes modalidades e coa seguinte prioridade:

- **1º OPCIÓN:** Virtual (opción preferente) a través da plataforma que ofrece a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional no presente curso. Dita opción deberá concretarse a través de cita previa sendo preferentemente os martes de 15.30 horas a 16.:30 horas. No caso de que non poder ser nese horario poderá concretarse outra hora na que o/a docente teña dispoñibilidade horaria para realizala.

- **2º OPCIÓN:** No caso de que a tutoría virtual sexa imposible por motivos alleos a o centro educativo o/a docente poderá realizar a tutoría vía telefónica. Dita opción deberá concretarse a través de cita previa na que o/a docente teña dispoñibilidade horaria para realizala.

- **3º OPCIÓN:** No caso de imposibilidade de realizar a tutoría en ningunha das dúas opcións anteriores, e sempre estes por motivos alleos a o centro educativo, poderá de maneira excepcional concertar unha tutoría presencial levándose a cabo dita reunión na aula de tutoría habilitada na planta baixa, previa cita e garantido a distancia social. Todos os asistentes deberán cumprir as normas xerais recollidas neste protocolo o que inclúe o uso máscara, desinfección de mans e calzado. Cando algunha destas reunións sexa necesario a revisión da algunha proba escrita, a visarase con anterioridade para poder facer copias da mesma e evitar a manipulación conxunta.

En todos os casos, será obrigatoria a cita previa, empregando calquera das canles reflectidas nas NOFC e no Plan de Comunicación (a balarmóbil, a xenda do alumnado, teléfono ou correo electrónico).

16. Canles de información coas familias e persoas alleas ao centro (provedores, visitantes, persoal do concello...)

O Plan de Comunicación do noso centro establece claramente cales son as canles de información e comunicación coa comunidade educativa centrándose na páxina web do centro educativo o reforzo das vías de comunicación dixitais a través das redes sociais e da mensaxería a través da aplicación informática Abalamóbil. A web do colexio é o portal onde se colga toda a información de relevancia a nivel xeral así como o eixo de traballo a distancia a través das aulas virtuais.

- Como sistema de mensaxería empregaremos *Abalamóbil*.
- Para as familias que non poidan ter a aplicación, empregarase unha vía alternativa, que será o *correo electrónico ou, en último lugar, a chamada telefónica, ou envío de algunha nota escrita cando sexa inevitable*.

- A información cos provedores realízase por correo electrónico ou teléfono.

17. Uso da máscara no centro

O protocolo da Consellería, recolle que o uso obrigatorio de máscaras en persoas de seis anos en diante na vía pública, en espazos ao aire libre e en calquera espazo pechado de uso público ou que se atope aberto ao público, sempre que non sexa posible manter unha distancia de seguridade interpersonal de polo menos dous metros, sendo recomendable o seu uso para a poboación infantil de

entre tres e cinco anos. Opóñense excepción desta obrigaón a aquelas persoas que presenten algún tipo de dificultade respiratoria que poida verse agravada pola utilización da máscara e a aquelas cuxo uso se atope contraindicado por motivos de saúde ou discapacidade. Así mesmo, o seu uso non será esixible no desenvolvemento de actividades que resulten incompatibles, tales como a inxesta de alimentos e bebidas, así como en circunstancias nas que exista unha causa de forza maior ou situación de necesidade.

a) Obriga xeral.

Para as persoas de seis ou máis anos será obrigatorio o uso da máscara en todo momento, tanto cando se estea na vía pública e en espazos ao aire libre como cando se estea en espazos pechados de uso público ou que se encontren abertos ao público, aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.

Regras xerais ao uso de máscaras no CEIP DE QUINS.

- Toda persoa que entre nas instalacións do CENTRO debe portar máscara e se quere acceder ao edificio principal deberá seguir o protocolo de acceso.

- **O uso da máscara será obrigatorio a partir de 1º de Educación Primaria** con independencia do mantemento da distancia interpersonal, sen prexuízo das exencións previstas no ordenamento xurídico.

- O alumnado (a partir do nivel de infantil) e o profesorado, así como o restante persoal, **teñen a obriga de usar máscaras durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro educativo**, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade. Será obriga do alumnado levar unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor.

- A obrigaón contida no apartado anterior **non será esixible para as persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade na súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización**. A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo do obrigado.

- Na **cartelería** do centro existirá unha específica sobre o **uso das máscaras** que lembre a formación sobre o seu uso.

- Na etapa de Educación Infantil, conformando grupos estables de convivencia, traballarase mediante grupos colaborativos dun máximo de 5 alumnos/as que se constituirán como subdivisións dos grupos estables de convivencia para mellorar a trazabilidade dos contactos. O grupos traballarán cun distanciamento físico de 1,5 metros respecto dos restantes grupos. O uso da máscara na etapa de Educación Infantil é recomendable,

- **O alumnado de infantil sempre que sexa posible usará a máscara**, porén para o profesorado e o persoal non docente que teña contacto cos grupos de infantil o seu uso será obrigatorio.

18. Información e distribución do Plan entre a comunidade educativa

- O plan difundirase a través da web do centro <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipquins.es>
- Para dar a coñecelo, realizaranse as seguintes accións:
 - **Claustro de mestres:** envío do PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 DO CEIP DE QUINS.
 - **Comunidade Educativa:** O inicio do curso escolar e na reunión coas familias do mes de outubro. Soamente se permitirá a asistencia dun membro de cada familia.
- **Resumo** do PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 DO CEIP de Quins PARA O CURSO.
- **Reunión na primeira semana de setembro co profesorado** para perfilar o inicio de curso, se ben é importante deixar constancia que este protocolo é un documento aberto que se irá modificando en base as achegas que se reciban da comunidade educativa así como das autoridades sanitarias e educativas.

4. MEDIDAS DE LIMPEZA.

19. Asignación de tarefas ao persoal de limpeza, espazos e mobiliario a limpar de xeito frecuente (non incluír datos de carácter persoal)

Con anterioridade ao inicio do curso escolar que se inicia a mediados de setembro, realízase unha limpeza e desinfección xeral do centro e do mobiliario.

O CEIP de Quins realizará as seguintes actuacións con respecto a limpeza e desinfección do centro educativo, sendo as seguintes:

- Limpeza e desinfección dos espazos do colexio polo menos unha vez ao día, reforzándoa naqueles espazos que o precisen en función da intensidade de uso, como no caso dos aseos onde será de polo menos 2 veces ao día, rexistrando dita limpeza.

- Terase especial atención nas zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuentes como pomos das portas, mesas, mobles, etc.

- Durante a xornada lectiva unha persoa do servizo de limpeza realizará unha limpeza de superficies de uso frecuente.

- As medidas de limpeza estenderanse tamén, no seu caso, a zonas privadas dos traballadores

- Do mesmo xeito, realízase unha limpeza e desinfección dos postos de traballo compartidos.

- Deben de realizarse tarefas de **ventilación frecuente** nas instalacións, e por espazo de polo menos 15 minutos ao inicio da xornada, durante os recreos e ao finalizar as clases, sempre que sexa posible entre clases, e coas medidas de prevención de accidentes necesarias:

- Cando as condicións meteorolóxicas e do edificio o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.

- Débese aumentar a subministración de aire fresco e non se debe usar a función de recirculación do aire interior.

PERSONAL RESPONSABLE DA LIMPEZA, DESINFECCIÓN E VENTILACIÓN.

- **Mestres:**

- Ventilación das aulas no cambio de clase ou materia e antes da chegada do alumnado.

- **Responsable de limpeza (mañá):**

- Limpeza/desinfección dos baños unha vez a o longo da xornada lectiva.

- Limpeza dos pasamáns, pomos das portas e zonas comúns de uso e de traballo compartidas.

- **Responsable de limpeza (tarde):**

- Limpeza e desinfección de todas as aulas e zonas de uso común.

- Limpeza e desinfección dos despachos

- Limpeza e desinfección da sala de mestres

- Limpeza/desinfección dos baños unha vez ao longo da xornada lectiva.

20.	Distribución horaria do persoal de limpeza (distribución horaria do persoal de limpeza e da alternancia semanal ou mensual de tarefas —no caso de que existan dúas ou máis persoas de limpeza polo menos unha delas realizara o seu traballo en horario de mañá—) (non incluír datos de carácter persoal)
<ul style="list-style-type: none"> - Limpadora de mañá: de 11:30 horas a 12:15 horas. - Limpadora de tarde: de 15:30 a 19:00 horas. 	

21.	Material e proteccións para a realización das tarefas de limpeza
<ul style="list-style-type: none"> • O persoal de limpeza empregará os elementos de protección aconsellados para levar a cabo este labor, como son as luvas e a máscara. Aconséllase o emprego de elementos de protección ocular, ben sexan lentes ou pantalla. • Empregaranse distintivos móbiles para indicar a presenza de persoal de limpeza na dependencia que estea a ser desinfectada, debendo esperar a que estea o labor feito antes de ser posible o seu novo uso. • Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recién preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade. No uso destes produtos sempre se respectarán as indicacións da etiquetaxe. • O centro educativo permanecerá pechado ao público para a súa desinfección de luns a venres a partir das 16.30 horas. 	

22.	Cadro de control de limpeza dos aseos
<ul style="list-style-type: none"> • Na secretaría existirá un modelo semanal de control de limpeza, no que se anotarán ás horas ás que se realizaron os labores e a persoa encargada de levarlos a cabo (Anexo IV) 	

23.	Modelo de ventilacións das aulas
<ul style="list-style-type: none"> • Ventilaranse con frecuencia as instalacións do centro, polo menos durante 15 minutos ao comezo e ao final da xornada, durante o recreo e, sempre que sexa posible, entre clases, e manteranse as xanelas abertas todo o tempo que sexa posible. <ul style="list-style-type: none"> • Cando as condicións meteorolóxicas e do edificio o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible. • Débese aumentar a subministración de aire fresco e non se debe usar a función de recirculación do aire interior. • En todas as aulas do centro encargaranse os mestres de facer as ventilacións da aula. • O resto de mañá a ventilación da aula será responsabilidade do profesorado, que antes 5 minutos 	

antes de cada cambio de clase deberá facer a ventilación.

- Cando as condicións meteorolóxicas e do edificio o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.
- Débese aumentar a subministración de aire fresco e non se debe usar a función de recirculación do aire interior.

24. Determinación dos espazos para a xestión de residuos

- En todos os espazos do centro haberá ***unha papeleira específica e diferenciada*** (con tapa e pedal), para desbotar todos aqueles elementos de hixiene persoal (panos desbotables, luvas, máscaras).
- ***O resto de papeleiras terán o uso habitual*** para separar o lixo: papel, envases de plástico e lixo xeral (labras de lapis, plásticos que non sexan de reciclaxe...)
- ***A xestión dos residuos das papeleiras específicas será tratado dun xeito distinto*** evitando a súa mestura co lixo xeral para evitar riscos ao persoal de limpeza.
- ***Recoméndase que os panos desbotables*** que o persoal e o alumnado empregue para o secado de mans ou para o cumprimento da “etiqueta respiratoria” sexan refugados en papeleiras ou contedores con bolsa e protexidos con tapa e, se é posible, accionados por pedal.

5. MATERIAL DE PROTECCIÓN.

25. Rexistro e inventario do material do que dispón o centro
<ul style="list-style-type: none">• A persoa que exerza a dirección do centro será a responsable de inventariar todo o material de protección que dispón o centro. Para iso, crearase un apartado específico dentro do cadro xeral de contabilidade e inventariado do centro denominado “material covid-19”.

26. Determinación do sistema de compras do material de protección
<ul style="list-style-type: none">• Unha vez recibida a dotación inicial por parte da consellería, <i>o centro garantirá a existencia de máscaras suficiente</i> para as posibles continxencias que poidan xurdir. Haberá unha dotación delas no despacho de dirección e na botica da sala de profesores e da sita na sala Covid.• A consellería realizará un aprovisionamento inicial de elementos de sinalización e máscaras de protección para o persoal do centro.• Corresponde ao centro educativo, con cargo aos seus gastos de funcionamento, realizar outros aprovisionamento de equipos de protección.• Outro material de protección, pero cun emprego máis específico e limitado, serán as luvas de lá tex ou vitriilo, que estarán situadas nas boticas existentes no colexio.• En canto ao xel hidro alcohólico, dende o centro invitarase como mínimo a tres provedores a presentar ofertas para servir este produto en 24/48 horas dende a súa demanda. As empresas presentan os seguintes prezos do xel hidro alcohólico e do material Covid sendo os seguintes:<ul style="list-style-type: none">• <i>Lyreco</i><ul style="list-style-type: none">• 5l: 22.47 €• 500 ml: 5.86 €• Bobina celulosa: non dispón.• Mamparas: 71.62 €• Máscaras: 36.52€• <i>Orensanex</i><ul style="list-style-type: none">• 5l: 25.40 €

- 500 ml: 4.60 €
- Bobina celulosa: 15.63€
- Mamparas: non dispón
- Máscaras: 31.76€

- *Softener*

- 5l: 28.60 €
- 500 ml: 5.40 €
- Bobina celulosa: 25.10€.
- Mamparas:
- Máscaras: 24.00€

- A empresa que presente a mellor oferta para materiais específicos será a distribuidora do centro en cada un dos produtos seleccionados ademais da compra de materiais e desinfectantes en supermercados da zona ou tendas especializadas.

27. Procedemento de distribución e entrega de material e da súa reposición

- Ao principio do curso realizarase unha entrega a cada membro do cadro de persoal do centro do material enviado pola consellería. Este material será entregado polo secretario do centro e os receptores deberán asinar nunha folla de rexistro a recepción do mesmo.

- En cada aula e espazo do centro haberá un dispensador de xel para a desinfección de mans e un difusor para a limpeza e desinfección de teclados e outros utensilios así como unha bobina de papel.

- O persoal de conserxería será o encargado de facer as reposicións do xel e bobinas de celulosa e de comunicar á secretaría a necesidade das adquisicións dos mesmos.

6. XESTIÓN DOS ABROCHOS.

28. Medidas (a determinación das medidas pode ser referida á xenérica do protocolo das consellerías, unha propia do centro ou unha remisión ao plan de continxencia)

- **Aspectos xerais:**

- **Non asistirán ao centro** aqueles estudantes, docentes e outros profesionais **que teñan síntomas compatibles con COVID-19**, así como aqueles que **se atopen en illamento por diagnóstico** de COVID-19, **ou en período de corentena domiciliaria** por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán ao centros as persoas **en espera de resultado de PCR** por sospeita clínica.

- **Illamento precoz** e referencia ao sistema sanitario de persoas con síntomas.

- **Mantemento da actividade extremado precaucións** ata confirmar ou descartar a infección na persoa sintomática.

- **Corentena dos contactos estreitos** nos termos que decida a unidade de Saúde Pública da comunidade ou cidade autónoma con base na “Estratexia de detección precoz, vixilancia e control do COVID-19”, a cal propón a realización de PCR aos contactos estreitos para identificar outros posibles infectados e a corentena de 14 días ou 10 días tras PCR negativa en mostra tomada ese día.

- **O centro educativo informará**, explicitamente e con confirmación de recepción da información, os pais, nais e outras figuras parentais, ou o alumnado maior de idade, de que o alumnado con calquera sintomatoloxía aguda non pode acceder ao centro educativo. Os centros educativos poden establecer mecanismos para a identificación de síntomas nos alumnos á entrada a estes ou unha declaración responsable dos proxenitores.

- **Alumnado e o resto do persoal docente e non docente deberá tomarase a temperatura corporal** de forma previa ao comezo da xornada. No caso de que a toma de temperatura se leve a cabo no centro educativo, evitarase en todo caso aglomeracións e asegurarse o mantemento da distancia interpersoal de polo menos 1,5 metros.

- **Os traballadores vulnerables ao COVID-19** manterán as medidas de protección de forma rigorosa, de acordo coa avaliación realizada polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais e o seu informe sobre as medidas de prevención, adaptación e protección necesarias, seguindo o establecido no Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao SARS-CoV-2.

- De conformidade coas recomendacións sanitarias para todo o Estado Español os traballadores vulnerables para COVID-19 realizarán o seu traballo, sempre que a súa condición clínica estea controlada e o permita, e mantendo as medidas de protección de forma rigorosa.

- De conformidade co Criterio Operativo nº 102 /2020 do Ministerio de Traballo e Economía Social, o escenario de risco cualifícase como de baixa probabilidade de exposición. con carácter xeral na actividade educativa o nivel de risco será o sinalado como NR1

- Para **cualificar unha persoa como especialmente sensible** para COVID-19, debe aplicarse o establecido no Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición

ao SARS-COV-2, publicada polo Ministerio de Sanidade. En consecuencia o persoal docente e non docente deberá permanecer no seu posto de traballo ata que se determine, se é o caso, que se trata de persoal e especialmente sensible e que non poida ser protexido no seu posto de traballo mediante as medidas establecidas neste protocolo

- **Informarase e formaranse as persoas traballadoras** sobre os riscos de contaxio e propagación do COVID-19, con especial atención ás vías de transmisión e ás medidas de prevención e protección adoptadas no centro.

Sospeita de que un/unha alumno/a comeza a desenvolver síntomas compatibles con covid-19

Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a da que se **sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo** as medidas de prevención e control levaranse a cabo por parte do SERGAS en base ao documento técnico elaborado pola Ponencia de Alertas y Planes de Preparación y Respuesta: "Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos", en virtude da mesma:

1. Levarase a un **espazo separado** de uso individual (sala Covid planta baixa),
2. Colocaráselle unha **máscara cirúrxica** (tanto a o que iniciou síntomas como á persoa que quede a o seu coidado),
3. e **contactarase coa familia**, no caso de afectar a a lumnado.
4. **A persoa ou o seu titor deberán chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria** para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguirañse as súas instrucións. Se non houber cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC, previa chamada telefónica, para a valoración polo médico de atención primaria. Antes de acudir ao PAC, daránlle as indicacións oportunas para o desprazamento e acceso á instalación.
5. En caso de presentar **síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061**.

Sospeita de que un traballador/a do centro comeza a desenvolver síntomas compatibles con covid-19

O/A traballador/a que inicie síntomas debe

1. **Abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara cirúrxica**,
2. e logo de **seguir as instrucións do centro de saúde** ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
3. De **confirmarse o positivo, o equipo Covid do centro escolar comunicaráo ao equipo Covid-escola** do centro de saúde de referencia.

Caso confirmado da COVID no CEIP de Quins.

- A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de ***entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 14 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.***

- No suposto da ***aparición dun caso, ou dunha sospeita***, de coronavirus nun centro educativo tanto se xa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, ***a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática*** a seguinte información:

- Información prevista do eventual afectado/a,
- Dos seus/súas compañeiros/as afectados/as
- e do seu profesorado,
- así como dos que sexan contacto mais próximos que estean vencellados ao centro educativo.

- ***A aplicación xerará unha alerta no Central de Seguimento de Contactos (CSC)*** quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos.

- Cando o fluxo de información procedada a autoridade sanitaria incorporase a mesma información.

- Tras a ***aparición dun caso diagnóstico da Covid 19*** seguíanse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (a aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.

- A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade cos seguintes supostos:

- Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considerase ***CONTACTO ESTREITO*** a calquera alumno, ou profesional do centro educativo, profesor ou outro traballador que ***compartise espazo co caso confirmado a unha distancia inferior a 2 metros ao redor do caso confirmado durante máis de 15 minutos se utilizar a máscara*** os contactos serán determinados pola autoridade sanitaria segundo os protocolos vixentes en cada momento

- As persoas que ***teñan a consideración de contactos estreitos*** da persoa cun diagnóstico confirmado (***cunha obriga de illamento durante 10 días***) ***deberán entrar en corentena, estando corentenados nos seus domicilios e suspenderán mentres dure este a ensinanza presencial polo un período de 14 días***. O

restante alumnado da aula que non teña a consideración de contacto estreito poderá continuar coa asistencia presencial á aula. Aos contactos estreitos realizaráselle unha proba de COVID nun prazo non superior a 48 horas para identificar ás persoas que teñan unha posible infección por COVID-19.

○ En función da intensidade e virulencia do gromo, así como do número de persoas e niveis educativos afectados a Autoridade Sanitaria ***poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo onde teña xurdido o gromo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo***. A medida será proposta pola Autoridade Sanitaria dentro do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia, previsto no punto 10.1 deste protocolo.

○ A aparición ***dun único caso confirmado*** nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e o do profesorado asignado a ese grupo.

○ Cando exista unha ***detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días*** poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o brocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.

- ***A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia***. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

- ***Finalizado o período de illamento*** das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realízase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e comunicará ao centro.

As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluídos en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional co asesoramento da Consellería de Sanidade.

O modelo proposto establece catro fases:

1. Fase 1 (Adecuación dos espazos)

Duración: Aínda que pode ter unha duración variable, ***aconséllase que sexa dunha semana***. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Adecuada distribución do espazo do alumnado, distribuíndo os pupitres de forma que se consiga unha distancia de máis de 1.5 metros entre eles.
- Redefinición dos circuítos de circulación interna.
- Reorganización das quendas de recreo para que se realicen de forma graduada.
- Reorganización das quendas para o horario da comida.

2. Fase 2 (Formación de pequenos grupos)

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 30%. Esta fase é fundamental para a adquisición polos alumnos das medidas de hixiene e distanciamento.

Obxectivos:

- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Definiranse uns obxectivos que deben ser cumpridos pola aula para pasar de fase.
- Utilización do espazos e circulación do alumnado polos corredores do centro.
- Formar ao alumnado nas medidas de distanciamento físico no recreo.
- Informar ao alumnado das novas normas derivadas da pandemia no SARS-CoV-2

3. Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 60%. Nesta fase o alumnado continuarán formándose nas medidas de hixiene e distanciamento físico cun grupo máis numeroso.

Obxectivos:

- Establecemento de criterios claros de entrada e saída do alumnado de forma progresiva.
- Continuación das medidas aprendidas na fase 2 cun número maior de alumnos.

4. Fase 4 (Fase de reactivación)

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 100% se fose posible manter

dentro da aula 1.5 metros de distancia física. Nesta fase xa todos os/as alumnos/as coñecen as medidas necesarias no período de pandemia.

Obxectivos:

- Reforzo e fomento de hábitos aprendidos.
- Disposición en puntos estratéxicos de información visual clara para do alumnado.
- O recreo e a comida será realizada en dúas ou tres quendas.

29. Responsable/s das comunicacións das incidencias á autoridade sanitaria e educativa (deben determinarse a/s persoa/s que realizarán as comunicacións das incidencias á autoridade sanitaria e educativa) (indicar unicamente cargo desempeñado e non incluír nome)

- O responsable de realizar as comunicacións será a persoa que exerza a coordinación COVID do centro, e na súa ausencia, a persoa que a substitúa.

7. XESTIÓN DAS PETICIÓNS DE SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE.

30. Procedemento de solicitudes (canle de petición das solicitudes de comunicación coa xefatura territorial e de solicitude, de ser o caso, de persoal substituto)

- Atendendo a o apartado 9 do *protocolo de adaptación ao contexto da Covid 19 nos centros de ensino non Universitario de Galicia para o presente curso* a persoa solicitante do suposto de vulnerabilidade entregará á persoa que exerza a dirección do centro o anexo debidamente cuberto xunto coa documentación que deba chegar. Esta documentación poderá entregarse de xeito presencial ou enviándoa ao correo do colexio: ceip.quins@edu.xunta.gal
- Unha vez revisada e rexistrada, esta documentación **será enviada por correo electrónico** á Xefatura Territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional en Ourense, en espera da resolución da mesma (Anexo VI)
- Os traballadores vulnerables a o COVID-19 **manterán as medidas de protección de forma rigorosa**, de acordo coa avaliación realizada polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais e o seu informe sobre as medidas de prevención, adaptación e protección necesarias, seguindo o establecido no Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición a o SARS-CoV-2.
- **Informarase e formarase as persoas traballadoras** sobre os riscos de contaxio e propagación do COVID-19, con especial atención ás vías de transmisión e ás medidas de prevención e protección adoptadas no centro.

8. MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO.

31.	Entradas e saídas (determinación das entradas e saídas, organización das mesmas con horarios de ser o caso. Regulación da entrada de acompañantes do alumnado —cando o centro dispoña de planos poderanse grafiar sobre unha copia dos mesmos os lugares de entrada incluíndo, de ser o caso, os das distintas etapas educativas; no caso de non dispoñer deles poderanse utilizar acomodados á realidade do centro os que figuran como tipoloxías anexos ao protocolo—)
<p>O obxectivo principal da proposta que facemos a continuación é evitar as aglomeracións e os tempos de espera nas entradas e saídas.</p> <ul style="list-style-type: none">• Nos centros educativos onde sexa posible habilitaranse diferentes entradas para o alumnado das diferentes etapas educativas, tamén se poderán establecer quendas de entrada distanciadas no tempo.• A dirección do centro ten a posibilidade de establecer o número de profesores de garda precisos para facer efectiva a entrada e saída ao recinto en condicións de seguridade.• Poderase permitir en todos o niveis superiores ao ensino infantil a entrada do alumnado con anterioridade á hora de inicio da actividade lectiva dentro da aula que teña asignada• O centro establecerá horarios específicos para a atención das familias non coincidentes con horarios de entrada e saída nin con intercambios de clase ou recreos.• Nos accesos ao centro, sempre que sexa posible, habilitarase unha porta para entrada e outra para saída. Nos corredores estableceranse sentidos de entrada e saída diferentes en ambas marxes do corredor.• Na entrada e saída da aula e nos momentos de retorno do recreo o profesorado velará pola orde dos movementos e fluxos do alumnado.• O profesorado a quen corresponda a última hora lectiva previa á saída velará porque o material está recollido polo alumnado.• A dirección do centro determinará o número de profesores/as suficientes para ordenar as saídas e evitar a formación de agrupacións de alumnado no recinto, así como impartir instrución ao alumnado para que non forme agrupacións na vía pública fóra do recinto escolar. <p>- O éxito desde plan vai depender do cumprimento estrito dos horarios establecidos polo centro, tanto por parte das familias como por parte do profesorado.</p> <ul style="list-style-type: none">• <u>Horarios de entrada:</u><ul style="list-style-type: none">• Educación infantil: De 8:40 horas a 09:00 horas pola porta principal.	

- **Educación primaria:** De 8:40 horas a 09:00 horas pola porta principal.

- **Horarios de saída:**

- **Educación infantil:** Saída da aula ás 13.55 horas. Zona habilitada de recollida.
- **Educación primaria:** Saída da aula ás 13.55 horas. Zona habilitada de recollida.

32. Portas de entrada e saída e circulacións no centro educativo (determinación das portas de entradas e saídas, as circulacións no centro educativo, uso de elevadores, núcleos de escaleiras, etc. —cando o centro dispoña de planos poderanse graficar sobre unha copia dos mesmos os sentidos de circulacións, no caso de non dispoñer deles poderanse utilizar acomodados á realidade do centro os que figuran como tipoloxías anexos ao protocolo—)

- Diferenciamos unha *porta de acceso ao colexio*:
 1. Explanada do transporte escolar.

Organización das entradas

O alumnado de Educación de Educación Infantil e Primaria accederá ao centro pola **porta principal**. A hora de entrada para todo o alumnado será entre as **8:40 horas e as 09:00 horas**, deixando esta marxe de 15 minutos para evitar a glomeracións na entrada. O alumnado cando acceda ao centro educativo deberá desinfectar as mans e facer unha toma de temperatura. Dende o acceso ao edificio ata as 9:00 horas o alumnado permanecerá na súa zona de espera. Para os desprazamentos en todos os niveis educativos empregarán a parte dereita dos corredores das escaleiras, que estarán sinalados para establecer un único sentido de circulación.

Organización das saídas

O alumnado de Educación Infantil e Primaria saíran pola porta principal acompañados polos titores ou profesores que teñan clase a última hora e ocuparan o seu lugar na zona habilitada para cada unidade. Evitarase a aglomeración de alumnos/as e responsables tanto no interior do edificio como na explanada de acceso ao centro lugar onde esperaran familias e transporte escolar.

33. Cartelería e sinalética (previsións sobre a colocación de cartelería e sinalética no centro, coa premisa de que a prevención prima sobre calquera outra en relación coa súa colocación)

- O centro disporá de cartelería informativa nas entradas, corredores, escaleiras e zonas de recreo que advirta sobre o respecto da distancia de seguridade, sintomatoloxía do COVID 19 e medidas de hixiene social e individual. Nas aulas e a seos reforzarase a información sobre hixiene individual.
- *Nas portas exteriores ao centro estarán colocados os sinais de:*

- Obrigatoriedade do uso das máscaras.
- Obrigatoriedade do uso do xel hidroalcohólico.
- **Nas dúas portas de entrada estarán colocados os sinais de:**
 - Obrigatoriedade do uso das máscaras.
- **Nos corredores os botes de xel hidroalcohólico estarán sinalados:**
 - Xel hidroalcohólico.
- **Nos aseos haberá en cada un deles os sinais de:**
 - Obrigatorio lavarse as mans así como cartel indicativo de como facer dito lavado de mans.
- **Nas aulas haberá en cada un deles os sinais de:**
 - Indicativos de como lavar as mans e como colocar as máscaras.

34. Determinacións sobre a entrada e saída de alumnado transportado

- O alumnado transportado seguirá as mesmas indicacións que o resto de alumnado no que respecta as entradas e saídas.

35. Asignación do profesorado encargado da vixilancia (só datos numéricos)

- **Entradas:**
 - 1 docente na entrada do recinto facendo a toma de temperatura e outro na entrada do edificio para acompañar a cada grupo a cada aula.
- **Recreo:**
 - **Educación Infantil.**
 - 1 docentes por quenda no patio de educación infantil (patio cuberto posterior)
 - **Educación Primaria.**
 - 1 docentes por quenda. No patio cuberto anterior e nos laterais exteriores.

- *Saídas:*

- O docente que está co alumnado na última sesión encárgase de que o seu alumnado desinfecte as mans ao saír do colexio e se coloque na zona de espera de cada burbulla. Logo saíran por nomeamento do responsable de garda de transporte.

9. MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E ANPAs.

36. Madrugadores ou actividades previas ao comezo da xornada
<ul style="list-style-type: none">• O centro non dispón de programa de madrugadores, no caso de precisar entrar antes da apertura de portas (ás 08.40 horas) poderá entrar, previa autorización do equipo directivo e sempre e cando se siga o protocolo de acceso ao centro educativo (desinfección de mans, calzado e sentarse nos bancos de entrada debidamente sinalizados).• No caso de que se puxese en marcha o programa de madrugadores debe terse en conta que nestes programas seguirase o protocolo ordinario.

37. Actividades extraescolares fóra de xornada lectiva (previsións para a realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva)
<p><i>Aspectos xerais:</i></p> <ul style="list-style-type: none">• A realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva dentro do recinto do centro educativo, sexan organizadas pola ANPA do centro ou polos concellos, está condicionada á aprobación dun protocolo.• Asígnanse postos fixos ao alumnado para todo o curso escolar co obxectivo de mellorar e realizar unha mellor trazabilidade dos contactos.• Recoméndase non realizar eventos ou celebracións con grande afluencia de persoas. No caso de ter que realizarse cumpriranse estritamente as medidas de prevención (usos obrigatorio de máscara) e aforos respetando a distancia de seguridade de 1,5 metros entre persoas.

38. Determinacións para as xuntanzas da ANPA e o Consello Escolar
<ul style="list-style-type: none">• As reunións do Consello Escolar poderan ter tres modalidades dependendo da situación epidemiolóxica no momento das mesmas. Deste xeito propoñemos:<ul style="list-style-type: none">• <i>Reunións telemáticas</i> a través da plataforma oficial que oferte.

- **Mixtas** (presencial e telemática).

• **Presenciais**, sempre e cando a evolución da Covid o permita. Neste caso, e dado que o Consello Escolar está formado por 6 persoas, as reunións levaríanse a cabo nun espazo que garanta a distancia de seguridade e con ventilación suficiente. En principio, a sala multiusos xa que dispón de espazo suficiente para poder realizar ditas reunións.

- Para as xuntanzas da ANPA, facemos dúas distincións:
- En principio dispoñen de local propio.
- No caso de necesitar un espazo no centro, buscaríase a opción máis axeitada e sempre gardando as medidas xerais para calquera actividade ou evento.

40. Normas para a realización de eventos

- Debido á organización en grupos de convivencia estable, este curso non se realizarán actividades e celebracións de centro no que se xuntaban a unha gran cantidade de xente. Deste xeito, e salvo mellora enorme da situación epidemiolóxica non se celebrará o Festival de Nadal, o Samaín, Magosto ou Entroido ou actividades conxuntas de todo o centro na biblioteca.

- Evitaranse aquelas actividades no centro educativo que supoñan a mestura do alumnado de diferentes grupos de convivencia ou clases, así como as que exixan unha especial proximidade.

- Os eventos deportivos ou celebracións que teñan lugar nos centros educativos realizaranse sen asistencia de público.

- Estas celebracións poden ter lugar dun xeito diferente, e correspóndelle ao claustro docente a organización deles baixo estas premisas:

- Evitar mesturas de alumnado de diferente nivel, polo que é factible facer celebracións en quendas.

- Levalas a cabo, sempre que o tempo o permita, ao aire libre.

- Facer os labores de limpeza e desinfección preceptivos antes e despois da celebración do evento.

- Emprego de medios telemáticos cando sexa preciso.

- En canto a actuacións no propio centro, poderán levarse a cabo sempre que as quendas respecten o aforo e se respecten as normas de hixiene e ventilación entre actos.

- As saídas didácticas poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente no momento de realizalas, sobre todo en canto a o aforo de museos e salas así como as de transporte. Aconséllase que se realicen dentro da propia localidade e ao aire libre, sendo un bo curso para explotar os numerosos recursos que ofrece o noso concello.

39. Previsión de realización de tutorías e comunicacións coas familias

As tutorías levaranse a cabo os martes de 15:30 horas a 16:30 horas sendo necesario concertar cita previa para o que se empregarán as canles habituais: abalar móbil, axenda do alumno ou chamada telefónica.

- **1º OPCIÓN:** Virtual (opción preferente) a través da plataforma que oferte no curso escolar 2020/2021. Dita opción deberá concretarse a través de cita previa sendo preferentemente os martes de 15.30 horas a 16.30 horas. No caso de que non poida realizar nese horario pode concretarse outra hora na que o/a docente teña dispoñibilidade horaria para realizala.

- **2º OPCIÓN:** No caso de que a tutoría virtual sexa imposible por motivos alleos ao centro educativo o/a docente poderá realizar a tutoría vía telefónica. Dita opción deberá concretarse a través de cita previa na que o/a docente teña dispoñibilidade horaria para realizala, preferentemente pola tarde.

- **3º OPCIÓN:** No caso de imposibilidade de realizar a tutoría en ningunha das dúas opcións anteriores, e sempre estes por motivos alleos ao centro educativo, poderá de maneira excepcional concertar unha tutoría presencial levándose a cabo dita reunión na aula da tutoría correspondente, previa cita e garantido a distancia social. Esta soamente poderá ser os martes ou día concertado segundo o profesor requerido de 15:30 horas a 16.30 horas e todos os asistentes deberán cumprir as normas xerais recollidas neste protocolo coas seguintes medidas.

- Emprego de máscara.
- Hixiene de mans ao acceder á aula.
- Colocación de mesas como separación para garantir a distancia.
- No caso de ser preciso a revisión dunha proba escrita, solicitarse previamente para ter unha copia e evitar a manipulación conxunta de documentos.

- As reunións de inicio de curso irán detalladas no plan de acollida, e faranse xeito presencial no

patio cuberto anterior o martes 8 de setembro en sesións de 45 minutos cada unha cun aforo máximo de 10 persoas comezando ás 11.30 horas. Todas aquelas familias que non poidan asistir pola mañá se organizarán tantas reunións como sexan necesarias pola tarde o de xeito telefónico.

10. MEDIDAS PARA O ALUMNADO TRANSPORTADO.

41. Medidas (establecemento de medidas de entrada e saída dos vehículos no centro educativo, establecemento dun espazo de espera para o alumnado transportado, de ser o caso, criterios de priorización para o uso do transporte)

O CEIP DE QUINS dispón de transporte escolar:

- No transporte escolar colectivo será obrigatorio o uso de máscara a partir de 1º curso de Educación Primaria, sen prexuízo das exencións previstas no ordenamento xurídico, e sendo recomendable o seu uso en nenas e nenos de 3 a 5 anos.
- Asignaranse asentos fixos ao alumnado para todo o curso escolar para realizar unha mellor trazabilidade dos contactos, salvo que, en base á situación epidemiolóxica, as autoridades sanitarias determinen un uso máis restritivo do mesmo.
- O aforo dos autobuses de transporte escolar será o determinado en cada caso polo órgano autonómico ou estatal competente. Inicialmente poderán ser utilizadas todas as prazas coa obriga do emprego de máscara.
- O alumnado colocarse por grupos de convivencia e en asentos alternos buscando a máxima separación entre eles.
- Os docentes acompañantes no transporte escolar que lle corresponda a vixilancia do alumnado, velarán por que todos os ocupantes do vehículo leven posta a máscara durante todo o traxecto e que cada usuario/a ocupe o seu asento en todo momento.

11. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O USO DOUTROS ESPAZO

45. Aulas especiais, ximnasios, pistas cubertas...

- As únicas áreas nas que o alumnado poderá abandonar a súa aula serán **educación física e relixión católica/evanxélica/valores sociais e cívicos**. Isto implica que a aula de relixión católica/evanxélica/valores

sociais e cívicos, aula de psicomotricidade e o pavillón **deben ofrecer as mesmas garantías** de seguridade que as aulas convencionais. Deste xeito, terán a mesma dotación que esas aulas (dispensadores de xel, papeleiras de pedal e panos desbotables) que permita realizar as rutinas de limpeza antes, durante e ao finalizar a sesión. No pavillón a papeleira e o xel colocaranse ao carón do almacén.

- Ao ser espazos de uso compartido por varios grupos, entre sesións será preciso realizar unha **ventilación de 15 minutos** e labores de limpeza básica.

- No caso do pavillón estará aberto, polo que non é preciso levar a cabo o punto anterior. Si é necesario realízalo na aula de psicomotricidade.

- Os vestiarios estarán pechados e empregaranse unicamente os aseos ao finalizar a sesión, empregando os dous existentes e organizando quendas en caso de ser necesario. O uso dos aseos será individual.

- **Fotocopiadora**

- A fotocopiadora é un recurso que é empregado maioritariamente polo profesorado para facer traballos de reprografía é conveniente establecer pautas xa que son moitas as persoas que, ao longo do día, pasan por alí.

- A fotocopiadora **soamente será manipulada polo profesorado** do colexio. Para o seu uso deben seguirse as seguintes indicacións.

- Desinfectar as mans antes de usar a fotocopiadora.
- Pasar un pano con xel hidroalcohólico polas superficies manipuladas despois do seu uso.
- Limitar a unha persoa o uso da fotocopiadora
- seus traballos na caixa establecida ao respecto para a copia de traballos e unha vez

realizados depositaranse na caixa correspondente.

- **Sala de docentes**

- A sala de mestres/as convértese nun espazo cun aforo máximo de 5 docentes que se pode usar para realizar os seus traballos. O uso desta sala queda condicionada as seguintes normas de uso:

- Os equipos de traballo compartidos (ordenador, monitor, teclado, rato, mesa, teléfonos ou material de oficina) deberán ser usados so por unha persoa e deberán seguir as seguintes indicacións:

- Desinfectar as mans antes de entrar na sala de mestres/as.
- Desinfectar o material que se vai usar e se atope na sala de mestres/as.
- Ao rematar de traballar pasar un pano con xel hidroalcohólico polas superficies

manipuladas despois do seu uso.

- Os panos desbotables usados tiráranse a papeleira con pedal.

46. Educación física (existirán determinacións específicas para a materia de educación física)

- No caso da clase de educación *física o uso da máscara será obrigatorio* agás que se realicen no exterior, de maneira individual, a máis de 2 metros e que o uso da máscara resulte inadecuado ou imposibilite a práctica.

- Na medida do posible *minimizarase o uso de materiais* que teñan que ser usados por varios alumnos e procurando a súa limpeza e desinfección despois do seu uso. Despois deste acto desinfectarán as súas mans.

- Coidarase especialmente do uso da máscara nos ximnacios ou polideportivos pechados con ventilación reducida.

- Tomando como referencia os protocolos FISICOVID das federacións galegas de fútbol e baloncesto, que elaboraron conxuntamente coa Secretaría Xeral para o Deporte, e xunto coas normas xerais reflectidas nesta adaptación, propoñemos as seguintes normas específicas para a materia de educación física:

Medidas xerais de limpeza de superficies e material:

- Utilizaranse *desinfectantes como dilucións de lixivia* (1:50) recentemente preparada en auga a temperatura ambiente ou calquera dos desinfectantes con actividade viricida que se atopan no mercado e debidamente autorizados e rexistrados. No uso dese produto respectarase as indicacións da etiqueta. Así mesmo, non se deben mesturar produtos diferentes.

- Tras cada *limpeza, os materiais empregados e os equipamentos de protección utilizados desbotaranse de xeito seguro*, e procederase posteriormente ao lavado de mans.

- Procurarase que os *equipamentos ou ferramentas empregados sexan persoais e intransferibles*, ou que as partes en contacto directo co corpo da persoa dispoñan de elementos substituíbles. No caso daqueles equipamentos que deban ser manipulados por diferente persoal, procurarase a dispoñibilidade de materiais de protección ou o uso de forma recorrente de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con carácter previo e posterior ao seu uso.

- *Realizar tarefas de ventilación periódica nos espazos utilizados* e, como mínimo, de forma diaria e durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire. Na medida do posible, manter as portas abertas con cuñas e outros sistemas para evitar o contacto das persoas cos pomos, por exemplo. Durante as actividades en recintos pechados, na medida do posible, realizar os tempos de descanso e/ou recuperación en zonas ao aire libre ou ben ventiladas.

- Disporase de **papeleiras pechadas** e con accionamento non manual, para depositar panos e calquera outro material desbotable, que se deberán limpar de forma frecuente, e, polo menos, unha vez ao día. Así mesmo, estas papeleiras deberían contar con bolsa desbotable que se cambie polo menos unha vez ao día.

Medidas para o alumnado que participen na práctica deportiva:

- Deberá manterse a distancia de seguridade interpersonal de 1.5 metros e utilizar máscara.
- Sempre que sexa posible, os alumnos, durante a práctica deportiva deberán manter a distancia de seguridade interpersonal.
- Evitar lugares concurridos.
- Evitar en todo momento o saúdo con contacto físico.
- Utilizar panos desbotables e tiralos á papeleira con pedal, tras cada uso.
- Asegurarse de manter unha boa hixiene respiratoria. Iso significa cubrirse a boca e o nariz co cóbado flexionado ou cun pano desbotable ao tosir. Neste caso, desbotar de inmediato o pano usado e lavar as mans.
- Lavar con frecuencia as mans con auga e xabón ou con xel hidroalcohólico.
- Na medida do posible, evitar tocar os ollos, o nariz e a boca e no caso de facelo, prestar atención ao lavado previo de mans.
- Realizar un auto test durante a actividade deportiva, para confirmar se pode ter síntomas de COVID-19: Noto moita temperatura corporal, tose ou falta de alento?.

Medidas organizativas:

- ***Evitar***, na medida do posible, ***o uso de materiais compartidos durante a actividade***. Se isto non fora posible, garantirase a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado por parte dos axentes participantes e estableceranse os mecanismos de desinfección correspondentes. Cando ese material vaia ser empregado en dúas sesións consecutivas, deixarase un tempo para que a actuación dos produtos desinfectantes sexa efectiva, polo que ao inicio das sesións non se debe empregar ese material.
- Para o ***inicio das sesións aconséllanse actividades de execución individual***, encaixando neste ámbito as coordinativas e de equilibrio, rítmicas ou de expresión corporal.
- ***Cando se traballe en pequenos grupos na etapa de educación infantil, respectar os equipos formados na aula.***

46. Educación Artística: Música (existirán determinacións específicas para a materia de educación física)

A materia de Educación Artística: música, impartirase en cada unha das aulas, se ben, é importante

ter en conta os seguintes aspectos:

- ***Frauta:***

- Por ser una actividade na que, pola súa propia natureza, poden emitirse cantidade de gotas contagiosas, extremaranse as precaucións coas seguintes medidas:

- Nos casos de utilización de instrumentos de vento (especialmente no caso de frauta) nas clases de música ou nos exercicios de canto a distancia interpersonal elevarase a 3 metros

- O alumnado estará sentado no seu sitio.

- Os limpadores e frautas serán de uso exclusivo de cada alumno, quedando terminantemente prohibido o uso compartido.

- Ao rematar o uso, fará unha limpeza inmediata para evitar a condensación no interior do instrumento, acto seguido, procederá á desinfección das mans.

- Cada alumno/a terá a súa propia funda de frauta identificada co seu nome.

- ***Actividades de danza***

- Darase prioridade a coreografías que non impliquen contacto físico.

- O uso de máscara é obrigatorio en todo momento.

47.	Cambio de aula (regularase o proceso de cambio de aula ou visita á aula especial ou espazos de uso educativo)
------------	--

Na medida do posible, mediante a asignación de grupos ou de horarios, a norma xeral é que o alumnado non cambiará de clase a gáns nos supostos excepcionais. Como aspectos xerais destacar os seguintes elementos:

- O alumnado debe permanecer no seu sitio durante os cambios de clase.
- A saída será ordenada e continua, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade de 1.5 metros.
- Se houbera outro grupo na nova aula; agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar.

- Ao longo deste curso ***soamente se contemplan catro situacións*** nas que son necesarios cambios de aula:

- Para ir ao pavillón, aula de informática ou biblioteca.
- Uso aula de Música.
- Asistencia a sesións AL.
- Asistencia ao Departamento de Orientación.

- Cando un grupo de alumnado deba cambiar de aula, farao en fila de un e respectando a distancia de 15 metros, seguindo a ruta deseñada para cada grupo seguindo as frechas azuis.
- No caso de informática, música ou biblioteca, para garantir que os espazos están baleiros e ventilados, o alumnado esperará na súa aula a que o mestre especialista os vaia buscar.
- O pavillón queda exento deste aspecto, xa que o tránsito para acceder ao mesmo é na súa meirande parte no exterior e as dimensións do pavillón o permiten por estar ben ventilado.

48. Biblioteca (as persoas responsables da biblioteca establecerán normas de uso acomodadas ás xerais establecidas no protocolo)

- A biblioteca do CEIP de Quins ten unha superficie de 60 metros cadrados tendo un aforo de 25 persoas, co cal so poderá ser usada ata o 50% do seu aforo, *é dicir 12 usuarios ao mesmo tempo.*
- O equipo de biblioteca sinalizará nas mesas que poden ser utilizados de xeito que se manteña a distancia de seguridade.
- O préstamo de libros ou outro material realizarase de xeito habitual, neste caso seguirá usándose o venres como día para o préstamo de libros e a súa devolución o seguinte venres.
- Evitarase o uso de xogos de mesa e materiais semellantes cando implique un uso compartido.

49. Aseos (poderanse asignar grupos de aseos ao alumnado de etapas educativas con carácter exclusivo en atención á realidade do centro)

O uso dos aseos estará limitado a unha simultaneidade non superior a un terzo do seu aforo, *é dicir, soamente 1 alumno/a poderá usar o aseo de cada vez.*

NORMAS DE USO DOS ASEOS:

- Antes de entrar nos aseos o alumnado deberá desinfectar as súas mans.
- O alumnado deberá lavar as mans á saída do mesmo con auga e xa bón.
- Durante os recreos e nas entradas e saídas do centro haberá profesorado de garda vixiando o aforo dos aseos e garantindo que se cumpre a distancia nas ringleiras de entrada e saída así como a desinfección a entrada e o lavado de mans a saída.
- Está prohibido que o persoal alleo ao centro use o aseo, no caso de ser necesario usará os aseos

dos mestres/as que se atopan na planta baixa.

- O alumnado empregará os aseos existentes na zona que lle corresponda á súa aula.
- Non está permitido beber directamente das billas. O alumnado deberá traer botella da súa casa.
- Respetaranse os labores de limpeza e desinfección, polo que aqueles que estean sinalizados nese

intre cos distintivos correspondentes non poderán ser empregados.

USO DOS ASEOS

- ***Planta baixa:***

- O uso dos aseos por parte do ***alumnado de Educación Infantil*** será controlado polas titoras podendo usar o baño en calquera momento o lavado de mans o realizarán na súa aula. O aseo asignado será o baño máis próximo a súa aula, neste caso o aseo verde situado na planta baixa.

- ***1ª planta:***

- O uso dos aseos por parte do alumnado esta establecido por unidades e usaranos baixo a supervisión dos profesores que se atopan nese intre cos alumnos/as.

- Todos os aseos terán cartelería sobre a obrigatoriedade de limpar as mans con auga e xabón e información sobre o correcto lavado de mans.

LAVADO DE MANS.

O lavado de mans farase tres veces durante a xornada lectiva.

1. *Antes de merendar e despois.*
2. *Á entrada do patio de recreo.*
3. *Antes e despois de EF e cando se manipulen materiais.*

12. MEDIDAS ESPECIAIS PARA OS RECREOS.

50. Horarios e espazos (as determinacións sobre o horario do recreo, os espazos, de ser o caso incluso as divisións dos mesmos, e do uso e orde no recreo realizarase minuciosamente no plan con asignación de espazos a grupos ou niveis coas previsións propias para os grupos estables de convivencia)

O equipo directivo establecerá o aforo posible de cada un dos posibles espazos que sexan susceptibles de utilizar como espazos de recreo, podendo incluír, de ser o caso ximnasia, pistas cubertas ou polideportivos.

Na medida do posible limitaranse espazos para que un grupo de 12-15 alumnos poida estar distanciados polo menos 1,5 metros, independizando espazos do mesmo aforo.

Dentro das medidas posibles a adoptar pola dirección do centro, incluírase a redución da duración dos recreos.

Unha vez calculado o aforo unha proposta de “horas de recreo” e “grupos en recreo” que permita minimizar concentracións elevadas de alumnado en corredores e escaleiras.

No *período de recreo extremarase a vixilancia do alumnado*, o equipo directivo poderá prohibir o uso de elementos comúns de xogo ou a utilización de obxectos e xoguets que poidan ser compartidos.

● **Realizaranse unha quenda de recreo:**

- De 11:30 a 12:00 horas. Educación Infantil.
- De 11:30h a 12:00 horas, Educación Primaria

● *O alumnado de Educación Infantil* sairá ao seu patio a través da porta posterior do colexio. Xo garán todos xuntos no seu patio.

● *O alumnado de Educación Primaria* empregará a ruta de saída do colexio para acudir a súa zona de xogo na parte anterior do colexio.

● Crearanse zonas diferenciadas que garantan que cada nivel pode ter un espazo de recreo no que se respecte a distancia social:

DÍAS DE CHUVIA.

● Crearanse zonas diferenciadas que garantan que cada nivel pode ter un espazo de recreo no que se respecte a distancia social:

● **O alumnado de Educación Infantil.**

1. *Patio cuberto posterior ou aula de infantil.*

● **O alumnado de Educación Primaria.**

1. *Patio cuberto anterior dividido en dúas zonas ou aulas respectivas.*

DÍAS DE CHUVIA EXCESIVA OU TEMPORAL.

● Os días de moita chuvia ou temporal o alumnado de Educación Primaria e infantil permanecerá na súa aula durante todo o recreo.

SAÍDAS AO PATIO.

- **O alumnado de Educación Infantil** sairá ao patio de xogos de xeito ordenado cos seus profesores responsables.

- **O alumnado de Educación Primaria** o alumnado sairá ao patio de xogos que se atopa na parte anterior , acompañados polos profesores responsables en cada caso.

ENTRADAS DO PATIO.

- **O alumnado de Educación Infantil** entrará ao centro educativo acompañado da súa titor/a realizando as rutinas de entrada (desinfección de mans e calzado) e acudirán a súa aula.

- **O alumnado de Educación Primaria.** O profesorado de garda de patio fará soar un timbre para que o alumnado se coloque en cada un dos lugares que ten asignados. Este lugar será o mesmo durante todo o curso escolar. Unha vez colocado todo o alumnado os docentes de patio farán que o alumnado se desprace cara o interior do centro mantendo a distancia de seguridade de 1.5 metros. Na entrada o centro atoparase un docente de garda que controlará que o alumnado siga as rutinas de entrada (lavado de mans e desinfección de calzado). Os docentes estarán nas entradas das aulas agardando a que chegue o alumnado e realice o lavado de mans.

51. Profesorado de vixilancia (nas determinacións figurarán os criterios para a asignación do profesorado de vixilancia, existirá un cadro que defina os horarios dos grupos de convivencia estable)

Para realizar as vixilancias en cada unha das zonas, **o profesorado organízase en 2 grupos para la etapa de Educación Infantil (1) e para a Etapa de Educación Primaria (1) realizando as gardas no nivel onde imparte docencia.** O profesorado especialista será asignado a un determinado nivel para completar o cadro. Haberá sempre un profesor de apoio para cada grupo.

2.1.15. O sistema de quendas non exime o profesorado das responsabilidades titoriais, dado a dimensión educativa que ten o recreo, nin da obriga de estar no centro. (Orde 22/07/1997).

GARDAS DE RECREO						
		LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
EI	PATIO 11.30 a 12.00 horas	GRUPO infantil reserva 1	GRUPO infantil reservas 2	GRUPO infantil reserva 3	GRUPO infantil reserva 4	GRUPO infantil reserva 5
	ENTRADA 12.15 a 12.30 horas					
EP	PATIO 11.30 a 12.00 horas	Grupo primaria reserva 1	Grupo primaria reserva 2	Grupo primaria reserva 3	Grupo primaria reserva 4	Grupo primaria reserva 5
	ENTRADA 12.00 a 12.15 horas					

GRUPOS:

GRUPO 1	GRUPO 2
Grupo infantil : titora <ul style="list-style-type: none"> Reserva 1,2,3,4,5. 	Grupo primaria : quendas <ul style="list-style-type: none"> Reserva 1,2,3,4,5

12. Merendas

53. Actividades e merenda (a maiores das previsións xerais sobre recreos existirá unha previsión específica para os xogos e actividades a realizar no tempo de recreo, incluírase unha previsión sobre o tempo de merenda)

Merenda

- **Alumnado de Educación Infantil e de Educación Primaria:**

- **Educación Infantil**

- O alumnado de Educación Infantil almorzará na súa aula e cada un no seu sitio separado o máximo posible do seu compañeiro/a de mesa.

- Resulta moi difícil que todo o alumnado desta etapa sexa autónomo para este labor, requirindo en moitas ocasións a axuda do profesorado. O docente axudará a cada un dos alumnos/as de maneira individual debendo desinfectar as mans cada vez que axude a un alumno/a.

- No caso de se posible, poderá facerse a merenda no patio exterior para garantir o distanciamento sempre que o tempo o permita. No caso de que así se determine o titor/a acompañará durante o recreo ao alumnado ata que remate de almorzar.

- **Educación Primaria.**

- O alumnado de 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º curso de Educación Primaria almorzará na aula.

13. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O USO DE LABORATORIOS E TALLERES

54.	Emprego do equipamento (nas previsións de uso destes espazos deberá detallarse o uso e hixiene dos elementos e ferramentas que poidan ser utilizadas por varios/as alumnos/as e protocolizarse en función das diferentes ensinanzas o detalles de utilización do equipamento e a necesidade dun recordatorio continuo dos protocolos de prevención)
------------	--

54.	<p>Emprego do equipamento (nas previsións de uso destes espazos deberá detallarse o uso e hixiene dos elementos e ferramentas que poidan ser utilizadas por varios/as alumnos/as e protocolizarse en función das diferentes ensinanzas o detalles de utilización do equipamento e a necesidade dun recordatorio continuo dos protocolos de prevención)</p> <ul style="list-style-type: none">• Aula de informática:<ul style="list-style-type: none">• Existirá un horario de emprego para cada nivele educativo que permita que os equipos sexan desinfectados despois do seu emprego entre grupos. <i>Cada equipo estará destinado a dous alumnos/as: un da primeira unidade e outro da segunda unidade.</i>• Os usuarios baixo a supervisión do profesorado deberán desinfectar os equipos con xel e panos desbotables específicos para este uso.• Ordenadores de aula:<ul style="list-style-type: none">• Todas as aulas de Educación Infantil, de primaria e apoio dispoñen dun equipo informático para uso da aula. Corresponde ao profesorado organizar as quendas de seu uso e garantir a limpeza do ordenador, monitor, teclado, rato, mesa, ... cada novo usuario realizará as seguintes accións acordadas polo docente.<ul style="list-style-type: none">• Desinfectar as mans antes de usar ordenador, rato, monitor,...• Pasar un pano con xel hidroalcohólico polas superficies manipuladas despois do seu uso.• Limitar o uso do ordenador a un so alumno/a.
------------	--

14. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O USO DE AULAS DE DESDOBRES E AULAS DE APOIO.

54.	Emprego do equipamento (
------------	---------------------------------

54.	<p>Emprego do equipamento (</p> <ul style="list-style-type: none">• Nas aulas de desdobre e apoio extremáranse os protocolos de limpeza.• Nestas aulas tamén é obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas das mesmas.• O material que sexa compartido, de acordo coa metodoloxía propia de cada materia debe de ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase. Implicárase ao alumnado na concienciación social que ten a limpeza dos elementos comúns de uso privativo. Onde a materia o permita substituirase o emprego de materiais por simulacións virtuais con medios informáticos co fin de diminuír os contactos co material.• En cada unha das materias adaptárase a metodoloxía da aula evitando a formación de grupos e minimizando o contacto con materiais. En todo caso evítase que o alumnado estea encarado debendo colocarse na mesma dirección a unha distancia superior a 1.5 metros. <p>Aula de Pedagogía Terapéutica e ou Audición e Linguaxe:</p> <ul style="list-style-type: none">• O centro dispón de aula de apoio-desdobres-Audición e Linguaxe.
------------	--

- Os docentes encargados da atención do alumnado en cada situación deberán buscar ao alumnado e supervisar as labores de hixiene dos mesmos antes de entrar ou saír dita aula.
- O profesorado e alumnado usarán en todo momento e lugar a máscara e manterán a distancia de seguridade de polo menos 1.5 metros.
- No caso de que sexa imposible manter dita distancia procurarase, e sempre que a climatoloxía o permita, ter as ventás abertas.
- Se para traballar co alumnado é preciso que durante estas tarefas non use a máscara o docente utilizará pantalla de protección e opcionalmente a pantalla protectora.
- Unha vez rematada a sesión procederase a desinfección da aula con panos desbotables e ventilarase a aula polo menos 10 minutos.
- O docente acompañará sempre ao alumno/a a súa aula de referencia.

15. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O ALUMNADO CON NEE.

55. Medidas (o equipo COVID, en colaboración co departamento de orientación, establecerá as medidas concretas en relación coa diferente tipoloxía de alumnado con NEE)
<ul style="list-style-type: none">• Na atención a o alumnado con necesidades educativas especiais recoméndase o uso das máscaras dentro e fóra da aula.• No caso de non poder facer uso da mesma optárase polo uso de pantallas e mamparas, establecendo grupos de convivencia estable formados polo alumnado do mesmo grupo docente e aula.• O persoal que preste atención a este alumnado poderá usar pantallas/viseiras no caso de que o alumnado non poida usar máscaras• No caso de que o alumnado non teña a autonomía, organizarase o acompañamento deste nas entradas, saídas, traslado polo centro e no momento do recreo, así como na hixiene de mans nos momentos de entrada ao centro, cambio de aula e de actividade, despois de ir ao baño, tras esberrar ou tuser, antes e despois de comer e naqueles casos que sexa preciso, dando sempre marxe a o desenvolvemento da súa autonomía.• O departamento de orientación colaborará co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precisa para a súa atención. No caso dunha escolarización combinada, coídase adoptar as mesmas medidas co fin de facilitar a comprensión das mesmas por parte deste alumnado. Os centros de educación especial contarán cun protocolo específico de incorporación e escolarización para o seu alumnado.

56. Medidas e tarefas. Seguimento
<ul style="list-style-type: none">• As medidas recollidas nos puntos anteriores serán obxecto de revisión, seguimento e avaliación por parte do Departamento de Orientación na reunión semanal que se fará en principio de forma presencial entre os membros do equipo de orientación os xoves a cuarta hora da mañá.

16. PREVISIÓNES ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO.

57. Medidas
<p>Reunións:</p> <ul style="list-style-type: none">• Os órganos colexiados poderanse constituír, convocar, celebrar a súas sesións, adoptar acordos e remitir actas a distancia e deben garantirse a identidade dos membros que participen, o contido das súas manifestacións e o sentido do seu voto.
<p>Tipoloxía:</p>

- **Reunións telemáticas** na plataforma oficial.

- **Mixtas** (presencial e telemática).

• **Presenciais**, sempre cando a evolución da Covid o permita. Neste caso, e dado que o Claustro está formado por 4 persoas, as reunións levaríanse a cabo nun espazo que garanta a distancia de seguridade e con ventilación suficiente sendo a sala de psicomotricidade xa que dispón de espazos suficientes para poder realizar dita reunión.

• **O uso de calquera das tipoloxías será comunicada con suficiente antelación ao profesorado a través do correo corporativo sendo a opción máis axeitada a mixta, telemática e en último caso a presencial.**

• Para aquelas reunións que impliquen a participación presencial ou mixta de **todo ou parte do profesorado** empregárase a **aula de psicomotricidade- multiusos**, xa que ten as dimensións axeitadas para manter unha distancia social axeitada.

• As reunións dos diferentes **equipos docentes ou coordinacións** terán lugar a través de medios telemáticos, mixtos ou presenciais e no caso de que a reunión se leve a cabo no centro realizarase na sala de profesores con aforo máximo de 6 ou na sala de titorías con aforo de 6. Con aforo superior utilízase a aula multiusos da primeira planta.

• Para as reunións de **equipos de nivel ou ciclo** terán lugar a través de medios telemáticos, mixtos ou presenciais e no caso de que a reunión se leve a cabo no centro realizarase nunha das **aulas** de nivel ou ciclo, coas medidas de seguridade reflectidas neste plan.

Sala de mestres:

• O cambio da colocación da sala de mestres a converte nunha aula de traballo para o profesorado que permite a estancia simultánea dun **máximo 6 persoas**. Prestarase especial atención a ventilación e desinfección da sala.

- Na sala haberá dispensador de xel e panos desbotables, así como unha papeleira de pedal.

• Será responsabilidade individual dos usuarios a limpeza e desinfección dos equipos de traballo con xel hidroalcohólico e panos desbotables.

• Para empregar mobiliario e utensilios de uso común, os usuarios deberán realizar unha limpeza previa de mans e, ao finalizar, deberán empregar limpar o mobiliario ou utensilios de uso común empregando o produto viricida e usando panos desbotables.

58. Órganos colexiados (o centro incluírá previsións para acomodar ás situacións máis seguras a reunión dos órganos colexiados do centro mediante o uso, de ser o caso, de ferramentas de comunicación a distancia)

Reunións dos órganos colexiados:

Tipoloxía e preferencia no seu uso:

- **Reunións telemáticas** na plataforma oficial.
- **Mixtas** (presencial e telemática).
- **Presenciais**.

1. **Claustro**: as reunións mixtas e presenciais levaranse a cabo na **aula de psicomotricidade - multiusos** nas condicións expostas no punto anterior. No caso de que se empregue a comunicación telemática usarase a plataforma ofertada pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

2. **Consello escolar**: as reunións mixtas e presenciais levaranse a cabo na **a aula de psicomotricidade - multiusos**, que permite que os 6 membros garden a distancia social e poidan reunirse en condicións de seguridade. Igual que no caso do claustro, no caso de que se empregue a comunicación telemática usarase a plataforma ofertada pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional..

17. MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO.

59.	Formación en educación en saúde (de conformidade coas previsións do plan de formación do profesorado e cos programas formativos existentes no centro intensificarase a educación en saúde, particularmente na prevención fronte a COVID-19, no plan existirá unha previsión das actividades que ao longo do curso se realizará co alumnado e unha previsión xeral do carácter transversal da prevención e hixiene fronte ao SARS-CoV-2)
<ul style="list-style-type: none">• Ao longo de todo o curso e de xeito transversal a educación para a saúde terá un carácter prioritario centrado na prevención e na hixiene fronte á covid-19 que cada un dos docentes deberá traballar ao longo do curso pero sobre todo nas primeiras semanas do curso escolar.• Con respecto a este punto, cumpriranse coas premisas descritas no protocolo das Consellerías de Educación e Sanidade• O equipo COVID debe asegurar que a información sobre os protocolos de actuación e as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde implantadas nos centros educativos chegan e son comprendidas por toda a comunidade educativa.• Comunicarase (incluída a publicación na web) a información a todas as familias, mantendo unha canle dispoñible para a solución de dúbidas que poidan xurdir e potenciarase o uso de infografías, carteis e sinalización que fomente o cumprimento e comprensión das medidas de prevención e hixiene. Coidarase que esta información sexa actualizada no caso de que cambien as indicacións das autoridades sanitarias.• Diseñaranse e implementaranse actividades de educación para a saúde que inclúan as medidas de prevención, hixiene e promoción da mesma fronte a COVID-19, para facer do alumnado axentes activos na mellora da saúde da comunidade educativa. Así mesmo, estas actividades débense incluír de maneira transversal nos programas e actividades de educación e promoción da saúde que xa viñan desenvolvéndose no centro educativo, de maneira que se poida traballar a saúde de forma integral.• A tal efecto, desenvolveranse iniciativas innovadoras para dinamizar e promover hábitos de vida activa e saudable nos centros educativos a través de dun gran abano de programas como son o Plan proxecta e Contratos programa, entre outros.• A Consellería de Sanidade e o SERGAS impartirán a través da presenza de profesionais no centro ou mediante fórmulas de teleformación, a formación suficiente para os centros educativos sobre as medidas xerais de prevención e protección. Dentro da oferta formativa do Plan de formación do profesorado para o curso, incluíranse cursos impartidos por profesionais sanitarios.	

60.	Difusión das medidas de prevención e protección (o Plan regulará a difusión da información das medidas de prevención e a distribución das medidas e comunicacións que realice a Consellería de Sanidade e a de Educación, así mesmo, en colaboración co centro de saúde de referencia, incluírá posibles charlas do persoal sanitario sobre a prevención e protección; establecerase a información que será de uso obrigado na web do centro).
<ul style="list-style-type: none"> • Empregaranse todas as canles de comunicación posibles para a difusión de toda a información de relevancia con respecto a este tema, en especial ás enviadas polas Consellerías de Educación e Sanidade. • Do mesmo xeito, facilitarase o acceso a documentación a través da páxina web do colexio así como charlas formativas de interese para as familias e profesorado. 	
61.	Profesorado coordinador da xestión e dinamización das aulas virtuais (o plan determinará o profesorado que, en función dos seus coñecementos e experiencia, será o encargado de coordinar a implantación das aulas virtuais, a comunicación coas persoas asesoras Abalar ou UAC).

- Todo o profesorado do centro ten unha formación básica que debera mellorar para o uso da aula virtual e ferramentas virtuais.
- En calquera caso, o coordinador do equipo Tics será o responsable do traballo de mantemento da aula virtual (xestión da administración, páxina de inicio, creación de cursos e subida de información básica a páxina web), que, a día de hoxe, xa está preparada para o comezo do curso escolar. O resto das funcións do coordinador TIC céntranse en: comunicacións coa UAC, co responsable Abalar de zona, divulgar accións de formación...
- As *aulas virtuais utilizaranse, de ser o caso e nos supostos de educación a distancia*, cando menos, co alumnado de terceiro de Educación Primaria en adiante e para o alumnado que parcialmente estea en situación de illamento e cando exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería.
- Na Educación Infantil, no primeiro e segundo cursos de Educación Primaria arbitrase un modo alternativo para a comunicación coas familias e o mantemento da actividade lectiva nos supostos nos que se teña que pasar á educación a distancia a través da páxina web do colexio.
- Corresponde ao profesorado que designe a dirección do centro, asistidos de ser o caso polos asesores Abalar, colaborar coa posta en funcionamento e o mantemento da aula virtual.
- Durante o mes de setembro, antes da asistencia do alumnado ás aulas, crearanse os “cursos” dentro das aulas virtuais, e así como os usuarios para o alumnado e profesorado.
- Durante os primeiros días de clase, en setembro, os/as titores/as de cada un dos grupos, facilitarán ao alumnado a inscrición na aula virtual
- Todo o profesorado, á maior brevidade posible, asegurase de que o seu alumnado coñece o funcionamento do seu curso e da metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia
- A aula virtual, os cursos, e os usuarios (profesorado e alumnado) terán que estar plenamente operativos e funcionando ao finalizar o mes de outubro.
- No mes de setembro, os/as titores/as identificarán ao alumnado que, por mor da falta de recursos ou de conexión no seu fogar, puidera perder o acceso á educación telemática no caso de ensino a distancia, e o notificarán ao equipo directivo. Continuarase coa oferta de formación en aulas virtuais. Para fornecer de contidos á aula virtual o profesorado poderá usar os dispoñibles no espazo Abalar, os que figuran na web do Ministerio, ou calquera outro dispoñible.
- Entre estes recursos inclúese a oferta dunha actividade de formación de 15 horas que permita iniciarse e a fondar no aproveitamento didáctico das aulas virtuais e outras ferramentas institucionais.
- O seguinte cadro recolle, ademais do coordinador TIC os mestres coordinadores das aulas virtuais dos ciclos non dixital.

Docente	Cargo
D. Manuel Ángel Morón Ríos	E. Dinamizador TIC .Coordinador TIC
Dna. Elena Pascual Borrego	E. Dinamizador TIC CENTRO aula U1
Dna. M ^a Ángeles Castro Rodríguez	Coordinadora aula virtual U2
Dna. Mónica Vázquez Rodríguez	Coordinadora aula virtual U infantil
Dn. César Grande Gómez	E. dinamización (admin)
Dna Ana Neira Gómez	Coordinador aula virtual AL

62. Previsións derivadas do documento “Instrucións de inicio de curso” (o plan poderá conter aquelas previsións existentes no documento de “Instrucións de inicio de curso” aprobadas pola Dirección Xeral que teñan relación coas medidas de adaptación ao contexto da COVID-19 e que deban ser coñecidas polo conxunto da comunidade

educativa)

- O equipo directivo elaborará o Plan de Acolida que será publicado coa maior brevidade posible para que a comunidade educativa poida organizar o mes de setembro. Este documento recollerá as datas das reunións coas familias e o horarios de entrada e saída do primeiro día, que serán flexibilizados para poder ter unha mellor organización e facilitar a adquisición de hábitos recollidos neste plan.

63. Difusión do plan (o “Plan de adaptación á situación COVID-19” é un documento público do centro que estará a disposición das autoridades sanitarias e educativas e poderá ser consultado por calquera membro da comunidade educativa, será obxecto de difusión na páxina web do centro e por aquelas canles que o centro considere oportunas)

- O Plan de adaptación á situación Covid será publicada na web do colexio comunicando ás familias a través da aplicación a balarmóbil esta publicación e aos membros do claustro e consello escolar a través dos seus representantes no órganos de goberno.

- As achegas poderán facerse a través do correo electrónico ceip.quins@edu.xunta.gal

18. PLAN DE CONTINXENCIA

INTRODUCCIÓN.

Como é sabido, o coronavirus SARS- CoV-2 é un virus que se transmite por vía respiratoria aínda que tamén é posible o contaxio ao tocar unha superficie, un obxecto ou a man dunha persoa infectada. O período de incubación pode variar entre 2 e 14 días. Por iso, as mellores medidas de protección son o illamento de persoas contaxiadas e portadoras do virus e a hixiene persoal.

Por ese motivo, e coa información dispoñible neste momento, enténdese necesaria a adopción dunha serie de medidas que protexan a nosa comunidade educativa no desenvolvemento da actividade presencial docente. Neste protocolo xeral, cuxa misión é desenvolver a actividade docente presencial garantindo as condicións de seguridade e saúde das persoas, isto é, garantir o dereito a unha educación de calidade do noso alumnado en condicións de seguridade e saúde, tanto para o persoal do centro educativo como para o alumnado, relaciónanse unha serie de medidas de tipo organizativo, hixiénicas e técnicas a poñer en marcha.

Con todo, o Protocolo ten un carácter dinámico e actualizarase en todo momento segundo as directrices establecidas polas autoridades sanitarias. O Plan de Adaptación á situación COVID para o presente curso escolar ten a finalidade de establecer pautas de actuación para organizar e reforzar as medidas hixiénicas que se tomarán no colexio CEIP DE QUINS e dar a coñecer as medidas de prevención e actuacións que se deben poñer en marcha na institución educativa fronte a COVID-19 durante o actual curso.

O obxectivo deste Plan de Adaptación é o seguinte:

Crear unha contorna escolar saudable e segura no centro educativo mediante o establecemento das medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse no inicio do desenvolvemento do presente curso escolar, tanto polo persoal docente e non docente como polo alumnado e a súas familias, co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19.

19. PLAN DE CONTINXENCIA DO CEIP DE QUINS.

O centro elaborará, e aprobará pola dirección, un “Plan de Continxencia” no que se establecerán a medidas en caso de suspensión da actividade lectiva, as medidas para facer efectivo o ensino a distancia e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial.

Actuacións previas diante da aparición dun abrocho.

Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan **síntomas compatibles con COVID-19**, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un **espazo separado de uso individual**, colocáraselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.

Débese **chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS** e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a **persoa coordinadora** do equipo formado na COVID-19 **contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade** para comunicarllo. Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinale a xefatura de sanidade.

5 A familia dun neno ou nena con **sospeita de contaxio**, **deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra** para que este avalíe a necesidade de **solicitude dun test diagnóstico**. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que **estar illada unha parte dun centro educativo** (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.

A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o **número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena** o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, **poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas**, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

A aparición **dun único caso** confirmado nunha aula poderá supoñer a **entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado** a ese grupo.

Cando exista unha detección de **3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días** poderase acordar a medida do **peche do nivel educativo completo** onde xurdira o abrocho **ou**, de ser o caso, **da totalidade do centro educativo**.

A aparición dun **contaxio sospeitoso con posterior confirmación** é un suposto de **declaración obrigatoria** que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de **entrada en corentena de polo menos 10 días** a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.

A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao **ensino a distancia**. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

Actuacións para o período de actividade lectiva non presencial.

O ensino non presencial será impartido polo **profesorado ordinario** do alumnado **a través da aula virtual** de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado do xeito mais adecuado e usará aqueles recursos tanto ao alcance do centro educativo como da familia de referencia, impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual ou telefónico a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes **medidas**:

Manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia a través dos medios telemáticos mais axeitados en cada caso e valorando as posibilidades da familia de referencia.

Actualizar a aula virtual dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe. No caso de non dispoñer de medios dixitais e mentres non se soluciona dita problemática usaranse o papel mediante envío ao domicilio da familia afectada.

Realizar tarefas de desinfección profundas no centro.

Revisar o protocolo para buscar posibles erros e facer as modificacións que se estimen oportunas.

Coordinar co profesorado implicado as **quendas** de organización das fases.

Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial.

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva.

As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

Fase 1 (Adecuación dos espazos)

Duración: (1 semana). Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

Obxectivos:

Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.

Desinfección de todos os espazos

Revisión do plan de adaptación buscando posibles erros na redacción ou na execución.

Fase 2 (Formación de pequenos grupos)

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea do 50% en grupos de menos de 20 alumnos.

Obxectivos:

Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.

Combinar o ensino presencial e a distancia.

Revisión das actividades realizadas no período de ensino telemático.

Avaliación desa etapa.

Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)

Duración: (3 xornadas lectivas)

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 100% en grupos de menos de 20 alumnos

Obxectivos:

Comprobar a adquisición das medidas adquiridas en pequeno grupo

Empregar o ensino presencial para resolver dúbidas e poñer en práctica os contidos expostos na aula virtual

Fase 4 (Fase de reactivación)

Duración: (2 xornadas lectivas)

Retorno a actividade presencial da totalidade do alumnado

Obxectivos:

Realizar unha avaliación do desenvolvemento das fases

Comprobar o grao de adquisición do traballado.

Realizar unha avaliación sobre os contidos adquiridos neste período.

Volver á dinámica de clases presenciais, pero sen abandonar o emprego da aula virtual para as tarefas e

para complementar as aprendizaxes na casa.

Medidas para o reinicio da actividade lectiva no CEIP de Quins

<i>Fases</i>	<i>Fase 1º</i>	<i>Fase 2º</i>	<i>Fase 3º</i>	<i>Fase 4º</i>
<i>Duración</i>	1 semana	1 semana	3 días	2 días
Menos de 20 <i>Alumnado</i>	Sen alumnado	50%	100%	100%

O presente Plan de Continxecnia á situación COVID do Centro CEIP de Quins para o presente curso académico, foi aprobado polo director do Centro o 03/09/2021, comunicado aos membros do Claustro na primeira semana de setembro e posteriormente ao consello escolar e comunidade educativa.

Visto e Prace

O director:

Asdo.: César Grande Gómez

19. ANEXOS

23.1. ANEXO I: REGISTRO ELECTRÓNICO DAS AUSENCIAS DO PROFESORADO E ALUMNADO CON SINTOMATOLOXÍA COMPATIBLE CÓ COVID-19.

23.1.1. Alumnado.

ALUMNO/A			
NIVEL		DATA	
Persoa que realiza a comunicación			
Sintomatoloxía descrita			
Acudiu ao médico			
Diagnóstico final			
Medidas aconselladas			

23.1.2. *Profesorado.*

DOCENTE		DATA	
Sintomatoloxía descrita			
Acudiu ao médico			
Diagnóstico final			
Medidas aconselladas			

23.2. ANEXO II: PLANOS DAS AULAS DO CEIP Quins

Entrada/saída. Planta Baixa

Entrada/saída 1º Planta.

Aula EI.

Aula Mixta U1.

Aula MIXTA U2

23.3. ANEXO III: CUESTIONARIO DE PREVENCIÓN DOS CENTROS EDUCATIVOS.

Aspecto a considerar	Realizado		
	SI	NON	NP
Id.	Procedementos sanitarios relativos ao control da enfermidade		

1.1.	¿Informouse a os traballadores de non acudir a o centro de traballo en caso de síntomas da enfermidade e as medidas para tomar se presentan estes síntomas?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				

1.2	¿Informouse a os pais/nais/titores dos alumnos de non envialos a o centro educativo en caso de síntomas da enfermidade e as medidas para tomar se presentan estes síntomas?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				

1.3	¿Estableceuse no centro o procedemento para seguirse algún traballador ou a lumno presenta síntomas da enfermidade no centro educativo?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				

Aspecto a considerar	Realizado
----------------------	-----------

		SI	NON	NP
Id.	Medidas organizativas			

2.1	¿Establecéronse quendas ou procedemento de acceso para garantir que non se producen aglomeracións no acceso e mantéñense as distancias de seguridade? En caso necesario, establecéronse entradas e saídas diferenciadas que garantan a distancia entre persoas?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				

2.2	¿Dimensionaronse os espazos de traballo seguindo as indicacións dos procedementos da Consellería de Educación?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				

2.3	¿Asegúrase que tanto os alumnos como os docentes teñan fácil acceso a auga e xa bón, así como, papel desbotable para secado e papeleiras no centro educativo? Se é necesario, dispónse de dispensadores xabonosos e/ou de solución alcohólica desinfectante a disposición dos traballadores e dos alumnos?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				

2.4	¿Colocáronse pantallas protectoras de metacrilato ou similar para zonas de atención a público, como na área de administración, etc.? Defíníronse adicionalmente os equipos de protección a utilizar?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				

2.5	¿Estableceuse, en caso necesario, un fluxo controlado na entrada e saída dos alumnos, evitando o cruzamento duns e outros?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				

2.6	¿Defíníronse sentidos de circulación nas zonas de maior confluencia, diferenciando ambos os sentidos mediante cintas de separación e/ou vinilo adhesivo no pavimento?			
------------	---	--	--	--

Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:

2.8 ¿Limitáronse as visitas e contactos con visitas (pais/nais, provedores) ao mínimo posible?

Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:

2.9 Para as aulas ¿Adecuáronse ás pautas marcadas pola Consellería de Educación?

Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:

2.10 ¿Limítanse as reunións presenciais?, En caso de realizalas, mantense a distancia de seguridade de 1,5 metros, así como a medidas hixiénicas e distanciamento social?

Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:

2.11 ¿Habilítanse zonas de recepción de mercadorías que respecten as distancias de seguridade?

Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:

2.12 ¿Establecéronse normas específicas para o uso de aseos?

Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:

2.13 ¿Establecéronse normas específicas para o uso de vestiarios?

Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:

2.14 ¿Establecéronse normas específicas para as salas de reunións?

Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:

2.15 ¿Establecéronse normas específicas para o comedor segundo o procedemento da Consellería de Educación?

Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:

2.16	¿Conta con papeleiras ou contedores protexidos con tapa e accionados por pedal?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				

2.17	¿Dispónse de bandexas ou similar para o intercambio de papeis na área de administración?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				

2.18	¿Evítase compartir obxectos ou equipos de traballo, en caso necesario, hixiénízanse antes de cada uso?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				

2.19	¿Limitouse o uso de ascensores a unha única persoa, salvo forza maior (limitacións de mobilidade)?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				

Id.	Formación e información dos traballadores			
3.1	¿O persoal é informado dun xeito fiable e actualizado das recomendacións sanitarias que se deben seguir de xeito individual?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				

3.2	¿Formouse aos traballadores na prevención do contaxio e as medidas a adoptar, específicas para o lugar de traballo, así como o equipamento de protección a empregar?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				

3.3	¿Informouse a os traballadores sobre as medidas preventivas que deben adoptarse cando viaxan ao lugar de traballo?			
-----	--	--	--	--

Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:

3.4	¿Informouse ao persoal sobre como eliminar o material de uso de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, panos, etc.)?			
-----	--	--	--	--

Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:

3.5	¿Valorouse e adquiriuse un stock suficiente de equipos de protección segundo o mercado pola Consellería?			
-----	--	--	--	--

Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:

Id.	Limpeza e desinfección das instalacións			
------------	--	--	--	--

3.6	¿Dispuxéronse os produtos de limpeza e EPI necesarios para poder emprender e manter a actividade e limpeza requirida?			
-----	---	--	--	--

Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:

3.7	¿Realízase unha correcta limpeza das instalacións, en relación coa súa periodicidade?			
-----	---	--	--	--

Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:

Aspecto a considerar		Realizado		
		SI	NON	NP
3.8	¿Informouse a o persoal de limpeza sobre os aspectos necesarios para limpar os cuartos, con especial énfase nas superficies, especialmente a aquelas que son tocadas con maior frecuencia como as fiestras ou os tiradores das portas, os dispositivos que usan habitualmente o alumnado e persoal, mesas e ordenadores?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				

3.9	¿Déronse instrucións aos traballadores para depositar o material de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, etc.) na fracción de resto (agrupación de residuos domésticos que se obtén unha vez realizadas as recollidas separadas)?			
-----	---	--	--	--

Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:

3.10	¿Estableceuse un mecanismo para a eliminación de residuos procedentes dunha persoa que presentou síntomas da enfermidade e os elementos de limpeza empregados neste caso?			
------	---	--	--	--

Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:

3.11	¿Establecéronse directrices para reforzar a ventilación periódica nas instalacións, diariamente e adicionalmente con ventilación natural durante máis de cinco minutos?			
------	---	--	--	--

Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:

Id.	Sinalización			
3.12	¿Indicáronse as normas hixiénicas básicas que hai que observar (la var as mans, non tocar a cara, toser en papel desbotable ou no cóbado, etc.)?			

Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:

3.13	¿Sinalizáronse as normas de acceso relativas aos alumnos, así como os equipos de protección que deben utilizar?			
------	---	--	--	--

Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:

3.14	¿Sinalizáronse mediante marcas no chan ou similar as distancias de seguridade a manter durante o acceso ao centro educativo e no resto de zonas necesarias (zona de informática biblioteca, etc.), segundo o marcado pola Consellería de Educación?			
------	---	--	--	--

Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:

Aspecto a considerar		Realizado		
		SI	NON	NP
3.15	¿Sinalizouse, no acceso ao centro de traballo, a prohibición de acceder a calquera persoa que presente síntomas da enfermidade?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				

3.16	¿Sinalizáronse as normas de uso en zonas comúns (salas de reunións, titorias, hall, etc.)?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				

23.4. ANEXO IV: REXISTRO DE LIMPEZA DE BAÑOS.

REXISTRO DE LIMPEZA DE BAÑOS

1º LIMPEZA				2º LIMPEZA		
DÍA	HORA	SINATURA	NOME	NOME	HORA	SINATURA

23.5. ANEXO V: REGISTRO DE VENTILACIÓN DE AULAS.

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
Hora: 1ª	Hora: 1ª	Hora: 1ª	Hora: 1ª	Hora: 1ª
Hora: 2ª	Hora: 2ª	Hora: 2ª	Hora: 2ª	Hora: 2ª
Hora: 3ª	Hora: 3ª	Hora: 3ª	Hora: 3ª	Hora: 3ª
Hora: RECREO	Hora: RECREO	Hora: RECREO	Hora: RECREO	Hora: RECREO
Hora: 4ª	Hora: 4ª	Hora: 4ª	Hora: 4ª	Hora: 4ª
Hora: 5ª	Hora: 5ª	Hora: 5ª	Hora: 5ª	Hora: 5ª

23.6. ANEXO VI: PROCEDIMIENTO DE ACTUACIÓN PARA A XESTIÓN DA VULNERABILIDADE EN ÁMBITOS NON SANITARIOS NIN SOCIO-SANITARIOS.

Grupos vulnerables	Patoloxía controlada				Patoloxía descompensada				Comorbilidade ≥ 2 aspectos			
	NR 1	NR 2	NR 3	NR 4	NR 1	NR 2	NR 3	NR 4	NR 1	NR 2	NR 3	NR 4
Enfermidade cardiovascular/HTA												
Diabetes												
Enfermidade pulmonar crónica												
Inmunodeficiencia												
Cancro en tratamento activo												
Maiores de 60 anos	Sen patoloxía dos grupos vulnerables				Patoloxía controlada				Patoloxía descompensada			
Embarazo	Sen complicacións nin comorbilidades				Con complicacións ou comorbilidades							

NR1: semellante ao risco comunitario, traballo sen contacto con persoas sintomáticas

NR2: traballo en contacto con persoas sintomáticas, mantendo a distancia de seguridade e sen actuación directa sobre elas

NR3: asistencia ou intervención directa sobre persoas sintomáticas, con EPI axeitado e sen manter a distancia de seguridade

NR4: profesionais non sanitarios que deben realizar manobras xeradoras de aerosoles, como por exemplo RCP

1	Non precisa nin adaptación nin cambio de posto, permanecendo na súa actividade profesional
2	Continúa a actividade laboral. Pode realizar tarefas con exposición a persoas sintomáticas con EPI axeitados
3	Pode continuar actividade laboral sen contacto con persoas sintomáticas. Se existe imposibilidade, iníciase a tramitación para declarar ao/á traballador/a como especialmente sensible ou prestación por risco durante o embarazo - lactancia (PREL)

4	Precisa cambio de posto de traballo e, de non ser posible, iniciárase a tramitación para declarar ao/á traballador/a como especialmente sensible ou prestación por risco durante o embarazo-lactancia (PREL)
---	--

23.7. *ANEXO VII:*

ANEXO III: M.ODELO DE SOLICITUDE PARA A DETERMINACIÓN DE PERSOAL ESPECIALMENTE SENSIBLE.

SOLICITANTE	
Nome e apelidos:	
DNI:	Teléfono:
Correo electrónico (obligatorio):	
Enderezo a efectos de notificacións :	
Código Postal:	Localidade:

DATOS DO CENTRO DE TRABALLO	
Nome do Centro:	
Enderezo:	
Código Postal:	Localidade:
Posto de traballo:	

SOLICITA a valoración da inspección médica da xefatura territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, ou no seu caso o servizo de prevención alleo a efectos da determinación do condición de persoal sensible de conformidade co previsto na Resolución de 22 de xullo de 2020

Para estes efectos comprométese a achegar os informes médicos que obran no seu poder, así como aqueles que lle sexan requiridos.

_____ , _____ de _____ de 2020

Sinatura:

DIRECTOR DO CENTRO

23.8. ANEXO IX: MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE.

MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D^a _____, con DNI número _____, como pai/nai/titor legal do alumno/a _____, matriculado no curso _____, do centro educativo CEIP DE QUINS.

DECLARA RESPONSABLEMENTE QUE realizará ao alumno/a a Enquisa de Autoavaliación clínica do COVID e que *se compromete a NON enviálo ao centro e mantelo en illamento preventivo domiciliario nos seguintes supostos:*

- Se o alumno/a ten síntomas compatibles coa COVID-19, poñéndose en contacto co seu pediatra e con algunha das persoas membros do equipo COVID do centro educativo.
- Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumno/a non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.

En _____, a _____ de _____ de 202__.

ASDO. _____

ANEXO X: ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19.

Presentou nas últimas 2 semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron

24.

		SI	NON
Tivo CONTACTO nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID- 19?		
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID- 19?		

ANEXO XI CARTELERÍA.

Coronavirus

Consellos para realizar unha hixiene de mans adecuada

Fuente: Organización Mundial de Saúde



1 Molle as mans con auga



2 Deposita na palma da man unha cantidade de sabón suficiente para cubrir toda a superficie das mans



3 Fregue as palmas das mans entre si



4 Fregue a palma da man dereita contra o dorso da man esquerda entrelazando os dedos e viceversa



5 Fregue as palmas das mans entre si, cos dedos entrelazados



6 Fregue o dorso dos dedos dunha man coa palma da man oposta, agarrando os dedos



7 Fregue cun movemente de rotación o pulgar esquerda, atrapándoo coa palma da man dereita e viceversa



8 Fregue o punta dos dedos da man dereita contra a palma da man esquerda, facendo un movemente de rotación e viceversa



9 Enxaugue as mans con auga



10 Séquese cun pano desbotable



11 Sirvase dese pano para pechar a bila



12 As suas mans son seguras



XUNTA
DE GALICIA


Máis información en
coronavirus.sergas.gal

SAIAMOS DISTO CON SENTIDIÑO

NON TIREMOS POLA BORDA O TRABALLO FEITO ATA AGORA



Antes de poñer unha máscara, debes lavar as mans adecuadamente.
Cubre a boca e o nariz, e asegúrate de que non hai ocos entre a máscara e a cara.



Evita tocala mentres a uses, e non a poñas na fronte ou debaixo da barbilla.
Para retirar a máscara, quítea pola parte traseira sen tocar o frontal e
lava as mans novamente con auga e xabón.

**Non reutilices máscaras dun só uso. As máscaras só son efectivas
cando se usan en combinación cunha hixiene de mans adecuada.**

#SENTIDIÑO
PROTEXÁMONOS A NÓS MESMOS
E AOS QUE NOS RODEAN

 **XUNTA
DE GALICIA**

coronavirus.sergas.gal
900 400 116






Mantéñase a distancia de seguridade




Á escola con sentidiño

PROTOCOLO COVID-19




Comprobar se teño algún sintoma da covid-19. De habelo, quedar na casa e chamar ao centro de saúde.




Revisar se vai na mochila todo o material necesario, xa que non se pode compartir.



Levar unha máscara posta e outra de reposto, así como un estoxo para gardala.



Ir no autobús coa máscara posta e sempre no mesmo asento.




Acceder pola entrada e na quenda que me correspondan, mantendo a distancia.

Espazo de illamento


PROTOCOLO COVID-19




A persoa con síntomas e quen quede ao seu coidado deben poñer unha máscara cirúrxica.



Contactar coa familia, no caso de afectar ao alumnado.



Chamar ao centro de saúde de referencia. De haber síntomas de gravidade, ao 061.



Refugar en papeleiras ou contedores con tapa os panos desbotables utilizados.



Proceder á limpeza do espazo logo de que a persoa illada abandone o centro educativo.

#SENTIDIÑO
PROTEXÁMONOS A NÓS MESMOS
E AOS QUE NOS RODEAN

Mans seguras


PROTOCOLO COVID-19



Molla as mans con auga.




Pon na palma xabón suficiente para cubrir as mans.



Frega as palmas das mans entre sí entrelazando os dedos.



Aclara de novo as mans con auga.



Seca as mans e pecha a billa cun pano desbotable.


#SENTIDIÑO
PROTEXÁMONOS A NÓS MESMOS
E AOS QUE NOS RODEAN




XUNTA
DE GALICIA

Medidas xerais

PROTOCOLO COVID-19



Respectar a distancia de seguridade de 1,5 m entre persoas.




Obriga de usar máscara en todos os espazos do centro.



Lavar con frecuencia as mans con auga e xabón, polo menos 5 veces.



Circular en sentido único nos corredores atendendo a sinalización.




Ventilar con frecuencia as instalacións e polo menos durante 15 minutos.

#SENTIDIÑO
PROTEXÁMONOS A NÓS MESMOS
E AOS QUE NOS RODEAN

Normas na aula


PROTOCOLO COVID-19




Usar a máscara é obrigatorio.




Hixienizar as mans cos dispensadores de xel hidro-alcohólico na entrada da aula.



Gardar o material de xeito persoal e diferenciado.



Non compartir material de uso propio.




Ventás, portas, interruptores e ferramentas pedagóxicas serán usadas só polo profesorado.

#SENTIDIÑO


PROTEXÁMONOS A NÓS MESMOS
E AOS QUE NOS RODEAN

Uso do comedor

PROTOCOLO COVID-19



Alumnado separado por 1,5 m de distancia, sentado en oblicuo e sempre no mesmo posto.




Coa instalación de mamparas sobre o mesado non é preciso manter a distancia mínima.



Uso de máscaras nas entradas e saídas do comedor escolar, así como entre pratos.




Lavado de mans nas entradas e saídas do comedor escolar.




Poderanse establecer segundas e terceiras quendas.

Uso da máscara


PROTOCOLO COVID-19



Lava ben as mans con auga e xabón ou hixienízaas con xel hidro-alcohólico antes de coller a máscara.



Colle a máscara polas bandas elásticas evitando tocar o tecido.



Pon a máscara sobre a cara cubrindo boca e nariz, axusta as tiras detrás das orellas e a pinza nasal.



Non quites a máscara para falar, tusir ou estornudar. Tampouco a apartes da boca e nariz.



Para retirar a máscara, volve collela polas bandas elásticas evitando tocar o tecido.

#SENTIDIÑO
PROTEXÁMONOS A NÓS MESMOS
E AOS QUE NOS RODEAN







COLOCACIÓN DO TAPABOCAS

1. DESINFECTA BEN AS MANS ANTES DE COLOCALO.

2. AGARRAO POLOS EXTREMOS.

3. COLÓCAO NAS ORELLAS.

4. DEBE CUBRIR PERFECTAMENTE O NARIZ E A BOCA.

5. AXÚSTAO BEN AO TEU NARIZ APERTANDO O ARAME.

6. EVITA TOCAR O TAPABOCAS.



OUTROS CONSELLOS IMPORTANTES

Panel 1: Usa só o teu material. Non debes tocar o dos teus compañeiros e compañeiras. Procura ter todo o teu material etiquetado co teu nome.

Panel 2: Non toques as fiestras, as portas, os interruptores ... o teu mestre ou a túa mestra encargarase diso.

Panel 3: Debemos manter limpos e desinfectados os nosos espazos.

Panel 4: Presta atención á sinalización dos espazos e aos carteis informativos que hai no cole.

Panel 5: Cando cambiamos de aula, saímos ao patio ou marchamos para a casa hai que facelo de forma ordenada e mantendo as distancias.

Panel 6: É recomendable ter un tapabocas de reposto.

Panel 7: Imagen que contiene lentes de sol, filtro
Descripción generada automáticamente



**OBLIGATORIO
LAVARSE LAS
MANOS**





**GEL
DESINFECTANTE**